

**XUNTA DE GALICIA**  
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira  
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**



A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez



DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo: *Carmen Gómez Otero*





**XUNTA DE GALICIA**  
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira  
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**



A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística

Lucía Linares Yáñez

**DILIXENCIA.** Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo: *Carmen Gómez Otero.*

**REDACTOR**

**Arturo Revilla Bonnin**  
Xeógrafo  
febreiro, 2016







## Índice

0. Resumo non técnico do ISA.....	5	4.1.3. Rochas plutónicas.....	36
<b>8. Deseño de medidas.....</b>	<b>16</b>	4.1.4. Rochas metamórficas.....	36
<b>1. Introducción.....</b>	<b>23</b>	4.1.5. Rochas básicas.....	37
<b>1.1. O marco normativo.....</b>	<b>23</b>	4.1.6. Materiais detríticos de idade cuaternaria.....	37
<b>1.2. Relación do PXOM con outras lexislacións sectoriais.....</b>	<b>25</b>	<b>4.2. Xeomorfoloxía.....</b>	<b>37</b>
1.2.1. As Directrices de Ordenación do Territorio.....	26	<b>4.3. Edafoloxía.....</b>	<b>38</b>
1.2.2. O Plan Director da Rede Natura 2000.....	26	4.3.1. Introducción.....	38
<b>2. Determinación do ámbito de influencia.....</b>	<b>27</b>	4.3.2. Solos sobre rochas graníticas.....	38
<b>2.1 Descrición xeral do territorio.....</b>	<b>27</b>	4.3.3. Solos sobre xistos.....	39
2.1.1. Ámbito comarcal.....	27	4.3.4. Solos sobre rochas básicas e ultrabásicas.....	39
2.1.2. Ámbito municipal.....	27	4.3.5. Solos sobre sedimentos.....	40
<b>2.2. Descrición do PXOM.....</b>	<b>28</b>	<b>4.4. Xeotécnia.....</b>	<b>41</b>
<b>3. Análise obxectiva da situación actual: o medio socioeconómico.....</b>	<b>29</b>	<b>4.5. Climatoloxía.....</b>	<b>42</b>
<b>3.1. Demografía e poboamento.....</b>	<b>29</b>	4.5.1. Introducción.....	42
<b>3.2. Actividade económica.....</b>	<b>31</b>	4.5.2. Temperaturas.....	43
<b>3.3. Dotacións, infraestruturas e equipamentos.....</b>	<b>32</b>	4.5.3. Precipitacións.....	43
3.3.1. Equipamentos educativos.....	32	4.5.4. Evapotranspiración potencial (ETP).....	43
3.3.2. Equipamentos sanitarios, sociais e culturais.....	32	4.5.5. Ventos.....	44
3.3.3. Outros servizos: enerxía e telecomunicacións.....	33	<b>4.6. Bioclimatoloxía.....</b>	<b>44</b>
<b>3.4. Abastecemento de auga, saneamento e outros servizos.....</b>	<b>33</b>	4.6.1. Clasificación de Papadakis.....	44
3.4.1. Abastecemento de auga.....	33	4.6.2. Período libre de xeadas.....	44
3.4.2. Rede de saneamento e recollida de lixo.....	33	<b>4.7. Situación medioambiental.....</b>	<b>44</b>
3.4.3. Transportes e comunicacións.....	34	4.7.1. Fontes de contaminación existentes e potenciais.....	45
<b>3.5. Vivenda e planeamento.....</b>	<b>34</b>	4.7.2. Inventario de zonas con fragilidade ambiental.....	47
<b>3.6. Patrimonio histórico-artístico.....</b>	<b>35</b>	4.7.2.1. Especies ameazadas.....	47
<b>4. Situación actual do medio ambiente (alternativa “cero”).....</b>	<b>35</b>	4.7.2.1. Espacios naturais protexidos: O ZEC Río Tambre.....	47
<b>4.1. Xeoloxía.....</b>	<b>35</b>	4.7.2.2. Humidais.....	52
4.1.1. Introducción.....	35	4.7.2.3. Hábitats.....	53
4.1.2. Metasedimentos.....	36	<b>4.8. Vexetación.....</b>	<b>59</b>
		4.8.1. Flora.....	59
		4.8.2. Coroloxía.....	59
		<b>4.9. Fauna.....</b>	<b>59</b>
		<b>4.10. Biodiversidade.....</b>	<b>60</b>
		<b>4.11. A paisaxe.....</b>	<b>61</b>
		4.11.1. Unidades e subunidades de paisaxe.....	62
		<b>4.12. Síntese da situación actual e problemática do concello.....</b>	<b>67</b>

XUNTA DE GALICIA  
Aprobado definitivamente por Orde do Consello de  
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

31 de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III  
Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plena de 14 de maio de 2017, e en sesión de 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero







<b>5. Definición de obxectivos</b> .....	67	<b>7.2.1. Efectos ambientais das actuacións do PXOM: Metodoloxía</b> .....	81
<b>5.1. Criterios e obxectivos específicos</b> .....	69	<b>7.2.2. Identificación e valoración das actuacións do PXOM</b> .....	81
<b>5.2. Criterios específicos de marcado carácter ambiental</b> .....	69	7.2.2.1. Solos .....	82
5.2.1. Criterios respecto á sostibilidade territorial e densidade urbana.....	69	7.2.2.2. Augas.....	82
5.2.2. Criterios respecto dos límites territoriais do crecemento.....	69	7.2.2.3. Clima.....	82
5.2.3. Criterios de planeamento respecto ó tratamento do medio rural .....	70	7.2.2.4. Calidade ambiental.....	82
5.2.4. Criterios respecto dos asentamentos rurais .....	70	7.2.2.5. Patrimonio histórico-artístico.....	82
5.2.5. Criterios de planeamento respecto á paisaxe .....	70	7.2.2.6. Flora e fauna .....	82
5.2.6. O valor estratéxico do patrimonio natural do concello .....	70	7.2.2.7. Paisaxe.....	82
5.2.7. Criterios de planeamento respecto do patrimonio natural.....	70	7.2.2.8. Enerxía .....	83
<b>5.3. Integración das variables e criterios do AAE no PXOM</b> .....	71	7.2.2.9. Residuos .....	83
5.3.1. Paisaxe .....	71	7.2.2.10. Incremento da contaminación e demanda de recursos .....	83
5.3.2. Natureza .....	71	7.2.2.11. Movilidade-accesibilidade .....	83
5.3.3. Patrimonio .....	71	<b>7.2.3. Valoración dos impactos identificados</b> .....	83
5.3.4. Sociedade.....	71	7.2.3.1. Impactos derivados da execución de solo industrial .....	83
5.3.5. Economía.....	72	<b>7.2.4. Capacidade de acollida do territorio</b> .....	83
5.3.6. Medio urbano.....	72	<b>7.3. Avaliación dos impactos. A matriz de Leopold</b> .....	83
5.3.7. Medio rural.....	72	<b>8. Deseño de medidas</b> .....	84
5.3.8. Medio Industrial .....	72	<b>8.1. Medidas preventivas</b> .....	84
5.3.9. Mobilidade .....	73	8.1.1. Criterios de deseño.....	85
5.3.10. Enerxía.....	73	8.1.2. Revisións e análises.....	85
5.3.11. Atmosfera .....	73	8.1.3. Control de proxectos .....	85
5.3.12. Ciclo hídrico .....	73	8.1.4. Control de obras.....	86
5.3.13. Ciclo de materiais.....	73	8.1.5. Control de actividades.....	86
5.3.14. Solo .....	74	<b>8.2. Medidas correctoras</b> .....	86
5.3.15. Edificacións .....	74	<b>9. Establecemento dun plan de seguimento</b> .....	87
<b>5.4. Recomendacións para as variables non integradas no PXOM</b> .....	74	9.1. Indicadores de sustentabilidade.....	87
<b>6. Descrición das alternativas</b> .....	75	9.2. Programa e órganos de seguimento .....	93
6.1. Alternativa “cero”.....	75	<b>10. Informe sobre a viabilidade económica</b> .....	95
6.2. Alternativa “A” .....	75	<b>11. Análise de coherencia</b> .....	97
6.3. Alternativa “B” .....	76	<b>11.1. Coherencia externa (análise da compatibilidade estratéxica)</b> .....	97
6.4. Alternativa elixida.....	76	11.1.1. Consideración dos aspectos claves para a sostibilidade.....	98
<b>7. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio</b> .....	76	11.1.2. Proceso de decisión .....	102
<b>7.1. Accións urbanísticas do PXOM e os seus previsibles impactos</b> .....	76	11.1.3. Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia.....	107
7.1.1. Xustificación da previsión dos solos urbanizables.....	77	11.1.4. Coherencia do PXOM coas determinacións da planificación sectorial.....	108
<b>7.2. Descrición dos impactos</b> .....	80	<b>11.2. Coherencia interna</b> .....	108

XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira  
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística, III

Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o  
presente documento forma parte do PXOM  
do Concello de Frades, aprobado provisionalmente por  
este Concello en Sesión Plenaria celebrada  
o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asda.: Carmen Gómez Otero.







12. Bibliografía e referencias ..... 110

**XUNTA DE GALICIA**  
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira  
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**



A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o  
presente documento forma parte do PXOM  
de Frades, aprobado provisionalmente por  
este Concello en Sesión Plenaria celebrada  
o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaria do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018

A xefa de servizo de Planificación  
Urbanística II

Lucia Linares Yáñez

## 0. Resumo non técnico do ISA

### Introdución

O presente documento é parte integrante do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que é sometido o PXOM do concello de Frades. O concello de Frades, responsable da elaboración do PXOM, inicia os traballos para a elaboración do PXOM no ano 2009. Posteriormente emite, en maio do 2009, o Informe Previo para o Procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica. A partir deste documento, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, remite ao concello, en setembro do 2009, o "Documento de referencia para a AAE do PXOM do Concello de Frades". Posteriormente, en decembro de 2010, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como consecuencia da *Addenda* ao Documento de Inicio, emite un novo documento de referencia, deixando sen efecto o emitido en setembro do 2009, co fin de adaptar o Plan á lexislación vixente.

### Descrición do territorio: ámbito comarcal

O concello de Frades encádrase na comarca de Ordes. Ten unha poboación de 38.683 Hab (ano 2011), concentrados maioritariamente na vila de Ordes, cabeceira comarcal e tradicional centro de mercado, con importantes funcións administrativas (cabeceira de partido xudicial, oficina comarcal da Xunta de Galicia, etc.).

A comarca de Ordes inscribese nunha superficie amesetada tan só interrompida por pequenas formas de relevo e claramente delimitada por escarpes no seu descenso cara aos vales que se abren cara a costa. En dirección oeste vese interrompida pola fosa meridiana, na que se inscribe o val do río Dubra. No límite noroeste esténdese a serra de Montemaior, que serve de divisoria coa veciña comarca de Bergantiños. No extremo leste, os montes de Tieira acadan os 546 m. Ambas serras teñen escasa altitude en relación coa media da área central. O límite sur está formado polo val do río Tambre.

Outro marco referencial importante constitúeno a articulación do espazo comarcal en torno ás principais estradas. Estre estas destaca de xeito preferente a N-550, a N-634 e, sobre todo a AP-9. ámbalas dúas vías de comunicación pasan pola comarca de norte a sur, cruzándose ambas no concello de Oroso, conformándose un importante nodo viario. Ambas son vías de primeiro orde, e arredor delas confórmase unha importante área demográfica e económica, ao tempo que proporciona á comarca unha grande accesibilidade.

### Descrición do territorio: ámbito municipal

O concello de Frades está situado na parte central da provincia da Coruña. Ten unha superficie de 81,7 Km<sup>2</sup> e unha poboación de 2.607 habitantes, repartida entre doce parroquias e 35 núcleos de poboación. A capital municipal está en San Mauro, aínda que a Casa do concello está no lugar de Cimadevila. O núcleo de maior entidade é Pontecarreira, situado a carón da estrada N-634, mentres que a parroquia máis poboada é Abellá, ao norte do concello, con 479 habitantes.

Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.

Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.

O territorio municipal de Frades sitúase no curso alto do río Tambre e presenta un relevo pouco contrastado, con alturas que ven dende os 420 metros ao norte, no límite co concello de Frades e os 280 metros no curso do Tambre, que fai de límite sur do concello. Esta suavidade topográfica de Frades débese á natureza do rochedo, que é facilmente atacable pola alteración química, dando lugar a unha paisaxe ondulada, de pendentes suaves e amplos vales. Só algún afloramento de cuarzo, como o monte Peñasco en Abellá da lugar a formas máis abruptas.

A rede hidrográfica que discorre por este concello está organizada arredor do Tambre, que entra no concello polo leste e establece o límite natural con Boimorto, Arzúa e O Pino. Con dirección case perpendicular ao Tambre, surcan o concello varios afluentes da marxe dereita: O Maruzo e o Samo como os máis importantes, aos que hai que engadir un bo número de regos, algúns de certa entidade, como o Gaitero e o Mostás, que desaugan no Maruzo, ou os de Pío e Porto, que o fan directamente no Tambre.

O clima ten trazos oceánicos case netos, sen degradación continental, e caracterízase pola abundancia de precipitacións e a suavidade das temperaturas.

As características climáticas e a abundancia de regatos favorecen o predominio das terras destinadas a cultivos herbáceos, chegando as terras labradas e as dedicadas a pasteiros permanentes a representar máis dun 50%, fronte ao uso forestal, que rolda o 25%. Estes usos están inseridos nunha paisaxe rural formada polos núcleos rurais, as terras de cultivo, prados e vexetación natural.

### Descrición do PXOM

O Concello de Frades só dispón das Normas Subsidiarias e Complementarias da Provincia de A Coruña para a ordenación do territorio municipal. Imponse, polo tanto, a necesidade de elaborar un novo documento que regule o crecemento municipal, tanto no rural como no solo urbano, cunha presión urbanística moderada, pero que precisa de maneira urxente unha recondución.

O concello de Frades, pola súa ubicación nunha zona de segunda periferia do termo municipal de Santiago de Compostela, é un concello con poucas expectativas de crecemento, con pequenos despuntes no sector turístico rural e a industria de transformación agraria, favorecida polo benigno do clima e os valores naturais que se localizan neste concello.

O desenvolvemento da actividade construtiva no concello creou diferenzas na ordenación urbanística municipal, que se acentúan coa aparición dunha serie de construcións (residenciais e industriais) que, a día de hoxe, carecen de legalidade ou xurdiron á marxe desta.

Ademais disto, pretendese dotar ao concello de zonas que poidan absorber os posibles crecementos nun marco ordenado. A importancia das empresas localizadas no concello, como as do sector téxtil situadas no núcleo de Ponte Carreira, e as dedicadas ás subministracións para as explotacións agrarias, fan necesaria a creación de solo industrial no que se podan incluír as súas respectivas instalacións, e a posibilidade de ampliación e inserción de novas empresas relacionadas co sector, establecendo a súa ordenación e integración no territorio. Asociada a esta labor industrial, atopamos







de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III  
Lucía Linares Yáñez

no concello actividades de extracción de áridos, localizadas no lugar de O Cruceiro, entre as parroquias de Frades e Gafoi, que deberán ser tratadas axeitadamente no PXOM de cara á súa correcta clasificación e futura recuperación medioambiental.

A crecente importancia das vías de comunicación que aumentan en grande medida as expectativas de crecemento da zona, así como a obtención do solo necesario para completar os servizos públicos e Sistemas Xerais do termo municipal, fan necesaria a redacción do PXOM para adecuar o planeamento á nova lexislación, á fin de facer unha normativa máis flexible nas súas determinacións. Á vez, introdúcense as técnicas previstas na lexislación para reparto de beneficios e cargas derivadas do planeamento, de tal forma que posibiliten ó Concello manter o seu proceso de desenvolvemento. Por iso, o novo PXOM ten que procurar que as previsións do solo que se vai incorporar no proceso urbanizador, estean suficientemente dimensionadas respecto, non tanto ó crecemento demográfico, como ás potencialidades que a súa posición estratéxica outórgalle.

### Situación demográfica

Frades é un concello de carácter rural, cunha poboación de 2.607 habitantes (2011) e unha baixa densidade de poboación (31,9 Hab/Km<sup>2</sup>), cunhas características demográficas propias do interior de Galicia, con perda de poboación e tendencia ao envellecemento demográfico.

O 7,2% da poboación ten menos de 16 anos, o 65,1% ten entre 16 e 64 anos, e o 27,7% ten 65 ou máis anos. A taxa bruta de natalidade é moi baixa (4,2 ‰) mentres que a de mortalidade é de 15,6 ‰, resultando un crecemento vexetativo negativo (-214 habitantes no 2011), resultando unha idade media da poboación elevada: 49,6 anos (2011).

Pola súa parte, o saldo migratorio tamén é negativo, é dicir, as saídas superan as entradas. No ano 2010 foi de -18 persoas.

### Actividade económica

Frades é un territorio eminentemente agrario, onde se ten desenvolvido unha importante actividade gandeira, orientada á produción leiteira. As explotacións gandeiras desta zona teñen pasado por diversas fases de modernización, como a introdución de razas produtivas, campañas de saneamento, modernización das instalacións, a produción de forraxes e pensos para as vacas, e a concentración parcelaria, que se levou a cabo no 100% do territorio municipal, contribuíndo á maior rendibilidade das explotacións gandeiras do concello. Frades se atopa dentro da denominación de orixe dos queixos Arzúa-Ulloa (D.O. Arzúa-Ulloa) e do queixo Tetilla (D. O. Queixo Tetilla).

Existe no concello unha importante cooperativa –A Cooperativa Central de Frades– que presta servizos aos seus asociados que van máis lonxe que os propiamente agrogandeiros (sociais, comerciais, etc.).

Frades ten unha superficie total de explotacións agrícolas de 5.096 Ha. Desta superficie, 4.169

A industria está representada principalmente pola actividade extractiva levada a cabo pola empresa Erimisa S.A., que explota mineral de cuarzo e áridos no lugar de Cruceiro. Outra actividade destacable é a téxtil, sobre todo no referente ao mercado laboral local, con varias empresas dedicadas á confección que traballan para outras de maior tamaño.

O sector dos servizos ten escasa entidade, e está orientado a satisfacer as necesidades máis básicas, e que non se desenvolve a causa da proximidade de Ordes e Santiago de Compostela, centros tradicionais de mercado desta zona. O núcleo urbano máis importante do concello é Pontecarreira, onde se concentran, os principais servizos, equipamentos e dotacións existentes no concello, ademais da maior parte do comercio local.

### Dotacións, infraestruturas e equipamentos

#### Equipamentos educativos

Canto aos servizos educativos, Frades conta unicamente co CPI de Ponte Carreira, debendo desprazarse a Ordes para acadar ensino secundario. No curso 2011 había en Frades 133 alumnos, dos que 18 cursaban educación infantil, 56 ensino secundario e 59 ESO.

#### Equipamentos sanitarios, sociais e culturais

Existe un centro de saúde en Frades-Pontecarreira e un consultorio en Abellá (Gafoi). O concello pertence ao PAC de Ordes e á área sanitaria de Santiago de Compostela.

O concello conta con campos de fútbol (Vedral, O Cabezo, O Carballal e Galegos), pistas polideportivas (O Cabezo, Pazo, Galegos e A Igrexa), un pavillón polideportivo cuberto (Vedral) e unha piscina; así como diversas áreas recreativas (Ponte Carballa e A Igrexa) e 10 centros cívico-sociais nas parroquias.

#### Energía e telecomunicacións

Frades dispón das seguintes infraestruturas de telecomunicacións:

- 3 centrais de telefonía fixa (Telefónica)
- 3 operadores de telefonía mobil con emprazamento no concello
- Plan PEBA+ADSL
- 1 centro reemisor de RETEGAL, no límite co concello do Pino
- 1 punto de acceso público a Internet

A iluminación pública no concello resólvese con 453 puntos de luz, e unha potencia instalada de 56,6 Kw.

#### Abastecemento de auga

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento no lugar de A Ponte de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en STAP situada no mes de setembro de 2017.

Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018



A xefa do servizo de Planificación

Urbanística III



Lucía Linares Yáñez

17,214 Km, e alcanza basicamente ao núcleo de Ponte Carreira. O resto das vivendas resolve o abastecemento con pozos ou pequenas traídas veciñais, dende depósitos reguladores, ata as vivendas a través de canalizacións puntuais.

#### Rede de saneamento e recollida de lixo

Existe unha pequena rede de evacuación en Ponte Carreira, recentemente executada, cunha lonxitude total de 3,442 Km, que leva os esgotos ata unha EDAR, que precisa dunha urxente modernización e redimensionamento. Non existe rede separativa de pluviais. O resto das vivendas teñen saneamento autónomo a través de fosas sépticas ou pozos negros.

Polo que fai á recollida de residuos, Frades conta con recollida selectiva, e cun punto limpo na parroquia de Céltigos. No ano 2010 producíronse 490,8 TM de lixo, o que significa que cada habitante de Frades produce 188,26 Kg/Hab/ano.

#### Transportes e comunicacións

Frades está fora do sistema de transporte Metropolitano, e a liña regular Santiago-Lugo pasa pola estrada N-547. Por tanto, os desprazamentos extramunicipais fanse con medios particulares de transporte. Sen embargo, para desprazamentos intramunicipais, Frades está incluída no proxecto TES+BUS. En Frades existen 4 liñas (A Fraga-Prado, Fonsa Carreiteira-San Martiño, Barazón-Os Canedos e A Fraga-Alto de Aboi), todas elas con destino ao colexio de Ponte Carreira, e que cobren boa parte do territorio municipal.

O Concello de Frades conta cunha lonxitude de viario de 172,2 Km, clasificados, segundo titularidade, en 5,9 Km estatais (N-634); 5,1 Km de estradas autonómicas; 16,3 Km provinciais; e 144,6 Km de estradas municipais.

O parque automovilístico de Frades (2010) consta de 1.933 vehículos, dos que 1.536 son turismos e 240 son camións e furgonetas.

#### **Vivenda e planeamento**

A tipoloxía dos asentamentos predominante en Frades é a aldea pechada, con casarío espallado, en moitos casos formando varios grupos de edificacións distanciadas entre sí, intercaladas entre os terreos de cultivo, formando agrupacións pequenas, de entre 10 e 25 casas, normalmente illadas ou, raramente, unidas en medianeiras en torno a un camiño. Esta tipoloxía queda reflectida no elevado número de aldeas, cunha media de 13 entidades de poboación por parroquia.

Frades conta con 929 vivendas, das que 829 son principais, 90 son secundarias e 10 están baleiras. Así mesmo, existen 799 vivendas en núcleos e 130 en diseminado.

Canto ao planeamento, Frades dispón das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento de A Coruña para a súa ordenación, aprobadas definitivamente no ano 1991.

#### **Patrimonio histórico-artístico**

Os acontecementos históricos de Frades están relacionados coa súa situación xeográfica, entre Santiago de Compostela e Sobrado dos Monxes. Pola parroquia de Gafoi pasaba unha vía empedrada ao estilo romano que unía ámbolos dous lugares. Frades pertencía á antiga provincia de Santiago e dividía o seu territorio entre a xurisdición de Mesía e a de Folgoso, pertencente ao señorío dos condes de Altamira.

En Frades hai abundantes mostras de arquitectura relixiosa e civil. Destacan os pazos e casas solariegas de labranza, algunhas delas do século XVIII e XIX, predominando o estilo neoclásico (casa do Fogueteiro en Aiazo, casa de Botana en Cimadevila e do Cruceiro en Añá). O pazo de Galegos, construído no século XVII en estilo renacentista e con elementos posteriores do século XVIII. Canto á arquitectura relixiosa, a igrexa de Santa Mariña de Gafoi é a máis antiga do concello, así como as igrexas barrocas de Ledoira e Mesos.

#### **Situación medioambiental**

Dende o punto de vista forestal, o concello de Frades pertence ao Distrito III Santiago-Meseta Interior, Demarcación de Ordes. O concello non está clasificado como Zona de Alto Risco de Incendios. No ano 2010, este distrito sufriu 162 lumes forestais, que queimaron unha superficie total de 350,2 Ha. No ano 2006 (último ano dispoñible), o concello tivo 2 lumes, que afectaron a un total de 5,8 Ha.

#### Fontes de contaminación existentes e potenciais

A actividade extractiva da empresa ERIMSA no concello lévase a cabo nun polígono de aproximadamente 2,44 Km de perímetro, no lugar de Cruceiro, e pode xerar contaminación a causa do movemento de terras e a causa das emisións da maquinaria empregada. Outros impactos son o ruído xerado pola propia actividade e o impacto na paisaxe. Outro aspecto é que esta actividade emprega importantes volumes de auga en tarefas de lavado do mineral. Estas augas, en caso de vertidos accidentais, pode ocasionar, entre outros efectos, a impermeabilización dos solos afectados.

Outra fonte de contaminación presente neste territorio é o producido polo gas radón, gas que é radioactivo, incoloro, inodoro e insípido, polo que é detectable só con instrumentos específicos de medición.

A contaminación acústica rexistrada no concello de Frades, dadas as súas características, procede case que exclusivamente do tráfico rodado, xa que non se rexistran outras fontes sónicas importantes. A principal industria presente no territorio municipal –actividades extractivas– non é intensiva en produción de ruído e, en todo caso, este impacto circunscríbese ao entorno máis inmediato e ao período da xornada laboral.

A gandería é tamén unha actividade susceptible de xerar contaminación. Este risco –e o seu impacto– pode concretarse en dúas vías: a contaminación dos solos e das augas superficiais e/ou subterráneas por xurros e os residuos plásticos procedentes do empacado da herba.

Outro aspecto que incide tamén nos solos e nas augas derívase das deficiencias no saneamento, é que se concreta na existencia de fosas sépticas e pozos negros (ausencia de depuración), que pode

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asda: Carmen Gómez Otero.







contaminar fontes, mananciais e correntes superficiais e, polo tanto, xerar riscos para a saúde humana.

A contaminación radioeléctrica presente no concello de Frades está producida pola radiación das antenas de telefonía celular e polas eventuais emisións de wimax-wifi.

### ZEC Río Tambre

O ZEC "Río Tambre" inclúe parcialmente o concello de Frades e afecta a unha superficie de 78,6 Ha de territorio municipal, o que representa un 1,0%.

O ZEC sitúase na conca media do río Tambre, definida polo tramo entre a incorporación pola do río Maruzo (Frades) e a confluencia co río da Sionlla (Santiago de Compostela). Inclúe, ademais, outros afluentes, como o Samo, o Lengüelle e varios pequenos tributarios destes.

En xeral, todos os cursos fluviais que compoñen o ZEC, incluído o Tambre nesta sección, presentan unha morfloxía pouco encaixada, que unicamente se fai algo patente no tramo alto, onde se produce a confluencia co Samo e o Maruzo. Inmediatamente augas abaixo da desembocadura do Lengüelle, existían unhas zonas húmidas turbosas (Braña Grande e Braña Pequena de Berreo), na actualidade case drenadas por completo, que eran restos dun antigo meandro. A planitude xeral vese reflectida claramente no rango altitudinal do ZEC, que vai desde os 220 aos 340 m s.n.m., cunha media de 261 m.

### Humidais

No concello de Frades existen 3 humidais catalogados na conca do río Tambre (Inventario de Humidais de Galicia): Veigas do Peñasco, Salgueiro e Os Liñares, cunha superficie total de 7,48 Ha, e a súa descrición biofísica é a mesma que a do ZEC.

### **Paisaxe**

a comarca de Ordes está inscrita na penechaira galega, superficie amesetada, interrompida as veces por pequenas formas de relevo e claramente delimitada por escarpes no seu descenso cara os vales que se abren en dirección á costa. Cara ao oeste vese interrompida pola fosa meridiana-, que se inscribe no val do río Dubra. No límite noroccidental esténdese a serra de Montemaior, que serve de divisoria coa comarca de Bergantiños. O límite meridional está formado polo val do río Tambre, que funciona como límite físico.

Polo que fai ao concello de Frades, o seu territorio sitúase no curso alto do río Tambre e presenta un relevo pouco contrastado, descendente cara ao sur, con alturas que ven dende os 420 metros ao norte, no límite co concello de Frades e os 280 metros no curso do Tambre, que fai de límite sur do concello. Esta suavidade topográfica de Frades débese á natureza do rochedo, formado: por xistos que, debido a súa textura fina, son facilmente alterables, dando lugar a unha paisaxe ondulada, de pendentes suaves e amplos vales. Só algún afloramento de cuarzo, como o monte Peñasco en Abellá da lugar a formas máis abruptas.

de data 09 XAN. 2018



A xefa do servizo de Ordenación do Territorio  
Urbanística III  
Lucía Linares Yáñez

Esta situación xeográfica de Frades na penechaira fai que, dende o punto de vista da paisaxe, este concello posúe unha gran unidade morfolóxica, onde se alternan pequenas elevacións espalladas con lixeiras incisións debidas á rede fluvial.

Esta monotónia da paisaxe so se ve alterada pola disposición dos cultivos, alternándose usos agropecuarios e forestais, xerando un mosaico de cores distintas. Outra característica deste concello é que, non habendo condicionantes físicos para o poboamento, este presenta unha extraordinaria difusión, contribuíndo a este factor a densidade da rede viaria.

Así pois, a paisaxe deste territorio está determinado pola uniformidade da paisaxe, na que non se identifican grandes unidades diferenciadas nin fitos nin conchas visuais destacables.

Compre ter en conta o arborado, sobre todo os frecuentes bosques de eucaliptos, que adoitan ter un marco de plantación estreito e unha gran altura, xerando pantallas visuais. Estes bosques, dende o punto de vista da paisaxe, fragmentan a visión do territorio.

### Paisaxe urbanizada

Esta tipoloxía é moi escasa neste concello: só o núcleo de Pontecarreira ten esta consideración, que lle ven dada máis pola súa función a escala municipal, aínda que se trata dun tecido moi pouco denso, desenvolvido ao longo do viario e con numerosos espazos baleiros e baixa altura da edificación.

### Paisaxe rural

A paisaxe rural é a tipoloxía máis frecuente, e é a típica da Galicia Atlántica, cun elevado grao de humanización, e está conformada polos núcleos rurais e os terreos de cultivo, que conforman un mosaico que reflicte en boa medida a especialización gandeira do concello, no que abundan as leiras dedicadas a plantacións de forraxeiras. En xeral, o medio rural de Frades presenta unha boa calidade visual, aínda que as edificacións dos núcleos rurais se atopan en moi diversos estados de conservación, ou están inacabadas.

### Paisaxe natural e seminatural

Estas dúas tipoloxías se atopan moi misturadas entre si e coas terras de cultivo, como corresponde ao estadio de humanización que presenta este concello. As áreas de vexetación natural están vencelladas principalmente aos cursos fluviais e a pequenas áreas illadas ou mesturadas con bosques de repoboación de eucalipto.

### **Sintese da situación actual e problemática do concello**

Como xa se ten dito, a actividade extractiva da empresa ERIMSA no concello lévase a cabo no lugar de Cruceiro, e pode xerar contaminación a causa do movemento de terras e a causa das emisións da maquinaria empregada. Outros impactos son o ruído xerado pola propia actividade e o impacto na paisaxe, aínda que este último impacto non é moi importante grazas á compartimentación física do territorio, que fai que este impacto sexa puramente local. Outro aspecto é que esta actividade

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plena celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018



A xefa de servizo de Planificación  
Urbanística II  
Lucía Linares Yáñez

emprega grandes cantidades de auga lavado da mina. Estas augas están saturadas de mineral e, en caso de vertidos accidentais, pode ocasionar, entre outros efectos, a impermeabilización dos solos afectados.

Outra actividade susceptible de xerar contaminación é a gandería. Este risco –e o seu impacto– pode concretarse en dúas vías: a contaminación dos solos e das augas superficiais e/ou subterráneas por xurros e os residuos plásticos procedentes do empacado da herba.

Outro aspecto que incide tamén nos solos e nas augas derívase das deficiencias no saneamento, é que se concreta na existencia de fosas sépticas e pozos negros, que pode contaminar fontes, mananciais e correntes superficiais e, polo tanto, xerar riscos para a saúde humana. Compre ter en conta só existe rede de saneamento en Pontecarreira, e o 86,7% das vivendas teñen saneamento autónomo.

### Definición de obxectivos

Os criterios básicos da política urbanística contida no PXOM de Frades están de acordo coa lexislación sectorial galega, e son os seguintes:

- Viabilidade
- Flexibilidade
- Realidade
- Equidade

Os obxectivos xerais deste PXOM, entendidos como metas ou aspiracións fixadas son os seguintes:

O PXOM de Frades procura a ordenación integral do termo municipal, cos seguintes obxectivos xerais para a redacción do planeamento:

a) O desenvolvemento da actividade constructiva en todo o termo municipal creou diferenzas no ordenamento urbanístico, que se acentúan coa aparición dunha serie de construcións que a día de hoxe carecen de legalidade, ou xurdiron á marxe desta.

b) A crecente importancia das vías de comunicación, que aumentan en as expectativas de crecemento, así como a obtención do solo necesario para completar os servizos públicos e sistemas xerais do concello fan necesaria a redacción do PXOM, introducindo as técnicas previstas para reparto de beneficios e cargas derivadas do planeamento, que posibiliten ao Concello manter o seu proceso de desenvolvemento, resolvendo á vez a xeración das zonas libres, sistemas xerais e reserva de solo para equipamentos.

O modelo territorial e urbano proposto para Frades, derivado da diagnose operativa exposta, baséase nos seguintes obxectivos:

- O obxectivo fundamental é o de completar a súa ordenación mediante determinacións directas de ordenación e posterior execución.

Formulación dun uso equilibrado do medio rural, considerando o medio ambiente e a paisaxe como valores de desenvolvemento, e potenciando os usos produtivos tradicionais, relacionando os equipamentos e as industrias co medio. Cumprimentación da trama dos núcleos existentes, mellorando a súa funcionalidade e impedido a edificación indiscriminada do territorio.

- Equilibrio territorial no nivel de equipamentos dotacionais e estándares, utilizando como referencia a parroquia.
- Crecemento sostido, baseado no ocio, no comercio, nos servizos á poboación e no reforzo das potencialidades industriais; relacionando axeitadamente o medio natural e o construído.
- Interese pola consecución dunha rede de espazos públicos de calidade.
- Procura dunha escala de pormenor para a continuidade e a integración para resolver problemas segundo a escala e a funcionalidade.
- Participación real nos procesos de definición e posterior xestión do PXOM.

Tendentes á consecución destes fins, o PXOM debe recoller os seguintes obxectivos e criterios de carácter xeral:

#### A) Reestruturación funcional do tecido urbano:

- A.1) Equilibrio urbanístico dentro do concello.
- A.2) Impedir o uso indiscriminado do territorio.
- A.3) Completar a trama urbana do núcleo urbano existente.
- A.4) Prever o enlace dos novos crecementos cos núcleos rurais próximos

#### B) Consideración da importancia do medio rural:

- B.1) Manter e fortalecer o actual sistema de núcleos.
- B.2) Conservar a parroquia como institución básica.
- B.3) Potenciar as actividades agropecuarias e forestais.
- B.4) Potenciar a rehabilitación e recuperación do patrimonio arquitectónico popular.
- B.5) Eliminar usos non desexados e incompatibles co uso residencial.

#### C) Conservación ambiental:

- C.1) Conservar a paisaxe natural.
- C.2) Conservación e recuperación do patrimonio arquitectónico, cultural e medioambiental.
- C.3) Conseguir para uso público áreas de interese que pasen a constituír o sistema xeral de espazos libres.
- C.4) Recoñecer e potenciar todas as áreas con alto valor ecolóxico.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017. Frades, 18 de setembro de 2017. A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.





de data 09 XAN. 2018



A xefe do servizo de Planificación Urbanística II

Lucía Linares Yáñez

Sostibilidade territorial e densidade urbana



C.5) Ordenar axeitadamente as actividades vinculadas co sistema produtivo.

D) Dotación de elementos Comunitarios:

D.1) Equilibrio dos aproveitamentos lucrativos e os usos comunitarios a establecer nos solos vacantes da trama urbana.

D.2) Mellora das actuacións infraestruturais que supoñan unha recuperación da calidade de vida.

E) Integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do concello, conservando cada unha das súas particularidades.

E.1) Respecto á distribución descentralizada e xerárquica da poboación no concello.

E.2) Defensa do equilibrio intersectorial existente.

E.3) Fomento da construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección.

E.4) Fomento da rehabilitación da arquitectura tradicional.

**Cráterios e obxectivos específicos**

A formulación do PXOM de Frades procura un modelo de utilización do solo a longo prazo, urbanísticamente equilibrado e de desenvolvemento sostible, que consiga a mellor calidade de vida para os seus habitantes.

A formulación do Plan Xeral preparará ó municipio para resolver os actuais problemas de modernización e procura de maior dinamismo dos sectores industriais, agropecuarios, forestais ou ecoturísticos, sendo capaz de prever un crecemento continuado e sostido nos próximos anos.

Apoiándose na mencionada estrutura xeral, recoñece a existencia dun núcleo urbano, no que se concentra a edificación e os servizos, a existencia dun entramado de núcleos máis miúdo cuxa organización principal é a parroquia, así como os solos urbanizables e rústicos tendo en conta o conxunto de obxectivos urbanísticos.

O Plan Xeral pretende o desenvolvemento cualitativo de Frades e ser realista, permitindo conseguir a materialización das determinacións de planeamento que se fixan, nos prazos que se determinan. Un Plan Xeral que permita o equilibrio entre as propostas de planeamento, as de xestión urbanística e a capacidade da Administración actuante.

Considérase, asemade, obxectivo básico coñecer a vocación fundamental de cada parte do seu solo, a fin de recuperar e desenvolver de forma positiva os recursos do medio físico, as actividades produtivas: desenvolver as comunicacións e os servizos comunitarios e favorecer o máximo rendemento posible a través das determinacións de planeamento que ós solos se lle asignen.

**Cráterios específicos de carácter ambiental**

Completando o anterior, o PXOM de Frades debe basearse nos seguintes cráterios específicos:

A relativa escaseza de solo como soporte da actividade económica, os especiais valores naturais e paisaxísticos do concello, a singular orografía, a fragilidade dos ecosistemas e o risco de perda de calidade de vida dos habitantes, obriga a propor accións e previsións dirixidas máis a evitar a urbanización e a edificación dispersa ou o consumo inxustificado de novos solos, orientando as actuacións á recuperación, rehabilitación ou reforma da edificación existente e ao uso dos espazos baleiros no único núcleo urbano do concello ou en áreas xa transformadas nos núcleos rurais.

O aumento da densidade nos núcleos rurais tradicionais ten que ir acompañado da preservación do medio rural co fin de potenciar o seu valor paisaxístico e ecolóxico, así como soporte de outros usos e actividades innovadoras, dentro do que se entende como "conservación activa do medio rural".

Límites territoriais do crecemento

Na proposta de clasificación adoptaranse cráterios restritivos de crecemento:

- Os crecementos propostos deberán ser proporcionais ao crecemento efectivo da poboación do concello.
- Empregaranse os solos urbanos non consolidados, de pequena superficie, dentro da trama urbana existente, e sectores de solo urbanizable de ensanche na trama existente, estritamente dimensionados ó crecemento previsible.
- Non se plantexarán crecementos por ocupación de solo de nova creación, non previstos no planeamento vixente.
- En ningún caso se proporán solos residenciais nas proximidades de calquera espazo natural ou proposto para a súa inclusión na Rede Natura, ou de calquera área recollida neste informe ou no Plan como de Protección Ambiental.

Tratamento do medio rural

Fora das áreas delimitadas como asentamentos, só se permitirán edificacións relacionadas coa conservación e xestión do medio, actividades agropecuarias e industriais e de servizos incompatibles cos usos propios dos asentamentos ou non procedentes nos solos urbanos, as instalacións precisas para a extracción de minerais e o aproveitamento das enerxías renovables, as actividades turísticas vencelladas ó medio rural e natural, e as declaradas de interese xeral que precisen de emprazamentos singulares.

En ningún caso de permitirá a edificación nos elementos relevantes da paisaxe, como cumios ou na franxa de protección dos cursos fluviais.

O PXOM establecerá as características da edificación en solo rústico (Condicións de edificabilidade, altura, ocupación, distancia entre edificacións, implantación topográfica e paisaxística, con expresa referencia os accesos e o contorno)

DILIXENCIA.- Parágrafo constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado por este Concello en Sesión Plena celebrada o día 12 de setembro de 2017. Frades, 18 de setembro de 2017. A Secretaria do Concello de Frades

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III  
Lucía Linares Yáñez

Ademais, o PXOM controlará as súas condicións de implantación no territorio e os impactos producidos, e establecerán as medidas correctoras e compensatorias que procedan.

#### Asentamentos rurais

Os criterios para a delimitación dos asentamentos serán os seguintes:

- O volume edificatorio e a alteración do solo
- O carácter tradicional do asentamento e a súa evolución histórica
- As dotacións infraestruturais que posúe ou que faltan
- Para a súa delimitación, terase en conta a estrutura da propiedade

O Plan Xeral establecerá a capacidade máxima de cada núcleo en termos de densidade e de edificabilidade. Así mesmo, independentemente das previsións de crecemento, reservaranse solos para dotación de equipamentos e servizos.

#### Paisaxe

A paisaxe constitúe un importante elemento na planificación do territorio, producindo decisións directas na ordenación, como a preservación de áreas naturais, etc.

Neste sentido, plantéxanse os seguintes aspectos e análises:

- Insolación e reflectividade.
- Identificación e apartación de novos valores escénicos mediante o deseño.
- Novos roles de elementos singulares da paisaxe abandonados ou deteriorados.
- Escala e características dos proxectos necesarios para preservar, restaurar ou refacer a paisaxe.
- Criterios para actuacións territoriais que destaquen o valor da paisaxe.

#### Patrimonio natural

Dende o PXOM estableceranse normas de protección do medioambiente e reguladoras dos recursos naturais non incluídos na lexislación autonómica, para evitar actuacións oportunistas e insolidarias.

A actividade industrial estará ordenada dende criterios de máxima concentración, evitando prexuízos para o contorno, e prestando especial atención ós efectos ambientais que se puideran producir e tendo en conta os posibles impactos positivos no eido socioeconómico.

Se empregarán criterios de concentración urbana e rural co fin de facilitar a xestión das infraestruturas en particular as relacionadas coa auga: abastecementos, depuración e vertidos.

O planeamento protexerá especialmente os recursos forestais do concello non incluídos na Rede Natura de Galicia.

Dende o planeamento impedirase, na medida do posible, afeccións ós hábitats naturais que impidan o libre movemento das especies ou limiten a interacción dos compoñentes da biodiversidade dentro de un mesmo hábitat.

No PXOM se delimitarán zonas susceptibles de recibir políticas de restauración ecolóxica, en especial de restauración forestal.

Delimitaranse aquelas áreas susceptibles –e axeitadas dende o punto de vista da normativa- de albergar parques de enerxías alternativas renovables, así como aqueles equipamentos illados para tratamento e reciclaxe de refugallos.

#### Integración das variables e criterios da avaliación ambiental no PXOM

O Documento de referencia define o alcance e o nivel de detalle do ISA, determinando os criterios e obxectivos ambientais que deba abordar para acadar a correcta integración do Plan co medio ambiente.

Este apartado describe o grao de integración das variables e criterios indicados e ven a completar, confirmar ou desenvolver o exposto ao longo do punto 5 do presente ISA (Criterios e obxectivos ambientais estratéxicos).

#### Paisaxe

O ISA inclúe unha análise da paisaxe e considérase que esta producirá impactos neutros ou positivos: tanto nos núcleos urbanos do concello de Frades como nos núcleos rurais, o Plan contempla, como xa se ten dito, accións de compactación, regularización e colmatación de espazos baleiros, velando pola tipoloxía e evitando accións negativas.

Calquera outra actuación fora dos ámbitos citados farase tendo en conta a non afección ás características paisaxísticas ou, en todo caso, a máxima integración na paisaxe circundante, evitando, en todo caso, presións sobre os elementos singulares da paisaxe. Amais, o Plan contemplará medidas activas de elementos que contribúan á calidade da paisaxe.

#### Natureza

Calquera dos espazos de interese natural do concello de Frades, estean ou non baixo algún tipo de figura de protección, están tamén protexidos polo Plan.

Potenciarase un tipo de relación humana coas áreas naturais que sexa compatible coa súa protección e conservación.

Así mesmo, establecen medidas de protección para áreas forestais afectadas por incendios segundo a lexislación vixente, establecendo medidas para minimizar os efectos dos lumes forestais.

Por último, o Plan recolle medidas activas de recuperación e mellora do medio natural, e máis concretamente, preveranse medidas de rexeneración de espazos afectados pola actividade extractiva levada a cabo no concello

DILIXENCIA.- Para facer coñecer o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente neste Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018



A xefe do servizo de Planificación  
Urbanística II)  
Lucía Linares Yáñez

### Patrimonio

O Plan protexe os enclaves de interese cultural, histórico, arquitectónico e arqueolóxico e ten actualizado e catalogado o parque de edificios destacables.

### Sociedade

O Plan ten valorado a estrutura demográfica de Frades á hora de planificar e situar as infraestruturas, dotacións e equipamentos de carácter social, valorando as súas necesidades presentes e futuras.

Prevense infraestruturas sociais e equipamentos para a poboación actual e a potencial segundo as previsións do Plan e se inclúe tamén a perspectiva de colectivos vulnerables no deseño tanto das infraestruturas como dos equipamentos e redes de espazos e centros públicos, suficientes e ben comunicados e accesibles a toda a poboación. Garántese tamén a dotación de vivendas protexidas.

O Plan contempla a participación da poboación no proceso de planificación urbanística, para o que o Plan se presenta, en forma de charlas, á poboación, en Pontecarreira, en tódalas parroquias e, en xeral, onde sexa requirido pola poboación.

Dende o punto de vista social, en Frades non se identifican áreas degradadas ou marxinais, nin bolsas de exclusión social nas que o Plan deba intervir.

### Economía

O Plan xustifica razoablemente a idoneidade do planeamento con respecto ás necesidades das actividades económicas actuais e potenciais de Frades, así como ao axeitado dimensionamento e distribución dos equipamentos e infraestruturas. Estes equipamentos e infraestruturas sitúanse no territorio segundo criterios de centralidade e de sustentabilidade, buscando o máis baixo nivel de necesidades de desprazamento dos usuarios e, consecuentemente, a máxima accesibilidade.

### Medio urbano

O Plan favorecerá a consolidación e compactación do tecido urbano existente para acadar o mínimo consumo de solo e procurando acadar unha paisaxe urbana de calidade que integre tódalas actuacións que se leven a cabo.

O Plan garante a accesibilidade ao núcleo de Pontecarreira como centro administrativo e de servizos do concello. Tamén contribúe á habitabilidade do medio con zonas verdes accesibles e de calidade.

O Plan favorecerá a edificación colectiva fronte á individual.

O Plan recoñece a paisaxe como un elemento importante do entorno e o benestar humano.

### Medio rural

O Plan protexe suficientemente os espazos de interese produtivo para o sector primario, con alternativas de ordenación.

Localizaranse e protexeranse os ecosistemas de valor natural, como áreas forestais de especial valor, bosques naturais de especies autóctonas e bosques ripícolas.

Polo que fai á ampliación dos núcleos rurais, a edificación farase a partir do núcleo orixinal, favorecendo a rehabilitación, a regularización, a compactación e o mantemento da configuración tipolóxica tradicional.

No medio rural reservaranse, vía ordenanza, espazos axeitados para o depósito e recollida de residuos da actividade agropecuaria en, alomenos, un punto do concello.

### Medio industrial

No deseño das novas áreas industriais de Frades, compre ter en conta as características do medio circundante, co fin de acadar á máxima integración das novas actuacións no medio rural.

Garantirase a accesibilidade e a dotación de equipamentos e infraestruturas necesarias para a escala das áreas industriais e as súas necesidades e, se procede, adaptada as súas características específicas.

A nova paisaxe urbana industrial integrarase no entorno, establecendo as oportunas áreas de transición e amortecemento entre a zona industrial e as áreas naturais e/ou zonas poboadas.

### Mobilidade

O Plan, como xa se ten dito, concentra os servizos e equipamentos públicos, e tamén privados, en Pontecarreira, favorecendo así a súa accesibilidade. O resto da poboación municipal, para ter a mesma accesibilidade, precisa de ter acceso á mobilidade, a través do transporte público ou privado, dado o nivel de dispersión da poboación, que impide a deslocalización das infraestruturas.

### Enerxía

O consumo enerxético e a contaminación lumínica do alumeadado público regularase vía ordenanza municipal, na que se contemplará o emprego de dispositivos de baixo consumo e alta eficiencia enerxética e a instalación de pantallas que concentren a luz no chan.

### Atmosfera

En Frades non existen fontes importantes de contaminación atmosférica, e só se identifica unha actividade industrial importante susceptible de provocar emisións, ou verquidos contaminantes (hidrocarburos puros ou mesturados e hidrocarburos non clorados procedentes de transmisións mecánicas), levada a cabo pola empresa Erimsa S.A., cuia actividade extractiva, descrita máis arriba, produce impactos derivados do movemento de terras e do transporte de mineral, entre outros.

### Ciclo hídrico

As instalacións de abastecemento e saneamento do concello terán a dimensión axeitada para a poboación de Frades e o seu eventual crecemento, subsanándose as deficiencias que na actualidade persisten, nestes eidos. O sistema de depuración estimará o volume de augas residuais segundo a

DILIXENCIA.- Para facer constar que este documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plena celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asda: Carmen Gómez Otero.







súa tipoloxía e deseñará as instalacións de xeito que produzan o mínimo impacto nos cursos fluviais onde se virtan os efluentes xa depurados.

O Plan non contempla actuacións nos sistemas de depuración particulares por exceder do ámbito do plan.

Non se detectan cambios de usos nas escorrentías, e nos solos urbanizables o Plan contempla a imposición dunha rede de recollida de pluviais no viario público dos novos desenvolvementos. Para a trama urbana xa consolidada, dotarase á depuradora dun vaso de tormentas para evitar que episodios intensos de augas pluviais asolaguen á EDAR, impedindo o seu correcto funcionamento e vertidos sen depurar.

#### Ciclo de materiais

O Plan xustificará a capacidade de tratamento e xestión, en función dos crecementos previstos e o aumento asociado de produción de RSU da actual planta de transferencia a SOGAMA.

Regularanse as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo de materiais e a súa eliminación e reciclaxe vía ordenanza municipal.

Reservanse espazos para a implantación de puntos de recollida de RSU, con facilidades para o reciclado dos diferentes tipos de residuos.

Polo que fai ao depósito e recollida de residuos procedentes da actividade gandeira (plásticos procedentes do empacado da herba), o Plan contemplará, mediante ordenanza, a ubicación de, alomenos, un punto de recollida.

Polo que fai ás áreas circundantes da canteira de ERIMSA, a súa clasificación terase en conta tamén a posibilidade de contaminación producida pola súa actividade.

#### Solo

O equilibrio entre a necesidade de ocupación do solo e a planificación prevista polo Plan está xustificada ao longo de varios puntos da Memoria do PXOM, sendo especialmente relevante ao respecto a xustificación exposta na estratexia de actuación do Plan.

Non se producirán afeccións de solos situados nas proximidades de áreas naturais, protexidas ou non, patrimoniais ou de carácter arqueolóxico. Evitarase calquera tipo de zonificación que derive en fragmentación do territorio, e as actualizacións colindantes coas áreas naturais contarán con panos ou sistemas amortecedores que sexan efectivos, evitando, na medida do posible, calquera tipo de interacción entre as áreas naturais e as antropizadas.

Os solos xa antropizados terán prioridade no referente a súa ocupación, procurando a compactación e a continuidade destes espazos, procurando o mínimo consumo deste recurso.

#### Edificacións

de data 09 XAN. 2018  
A xefa de servizo de Planificación  
Urbanística III  
Lucía Linares Yáñez

O Plan contempla a vivenda colectiva fundamentalmente no núcleo urbano do concello, mentres que a unifamiliar resérvase para os núcleos rurais. Tamén contempla a rehabilitación e o aproveitamento do patrimonio e a diversificación das tipoloxías residenciais.

Darase preferencia á rehabilitación de vivendas fronte á nova construción e fomentarse a harmonía nas novas edificacións.

#### **Descrición das alternativas**

##### Alternativa "cero"

A non aplicación do PXOM ou Alternativa "cero", dende o punto de vista ambiental e urbanístico non producirá efectos positivos no conxunto do territorio municipal, senón máis ben o contrario, toda vez que, precisamente, a aplicación do PXOM ten a intención de corrixir problemas xerais do concello.

Pola contra, a non aplicación do PXOM ou Alternativa "cero" podería xerar, dende o punto de vista ambiental e urbanístico, os seguintes efectos xerais negativos ou non desexados:

- Unha degradación da paisaxe rural pola planificación de tipoloxías construtivas sen planificación e sen tratamento axeitado.
- A falla de concreción no desenvolvemento urbano supón un desequilibrio entre o número de vivendas e as expectativas reais do concello. Mantemento da situación actual da paisaxe urbana: espazos vacantes, diferenzas de altura nas edificacións e inadecuación nos usos do solo.
- Déficits de equipamentos socioculturais.
- Inaxeitado dimensionamento da rede de sumidoiros e tratamento de refugallos.
- Unha ocupación anárquica do territorio sobre a base dunha rede urbana e rural de camiños xurdida sen planificación previa.
- Paulatino empeoramento da rede de comunicacións por falla de previsión e deseño acorde coas necesidades.
- Problemática coa conservación dos espazos naturais.
- Limitación ó desenvolvemento do concello en tódolos seus aspectos, reforzo da tendencia ao estancamento demográfico e retroceso socioeconómico.

En definitiva, a non aplicación e desenvolvemento do PXOM (alternativa "cero") suporía o mantemento da situación actual, é dicir, a carencia dun planeamento municipal e a vixencia das xa superadas Normas Subsidiarias, que datan do ano 1996, causantes da actual situación urbanística e dos problemas identificados.

DILIXENCIA: Para fins de constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello de Frades, celebrado o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







- Aposta polo reforzamento da centralidade da vila de Pontecarreira, apostando pola completación urbanística da mesma segundo estratexias de concentración, saneando o tecido urbano existente mediante a dotación de espazos libres e equipamentos.
- Baséase no equilibrio territorial do concello mediante a utilización da estrutura parroquial e supraparroquial para fixación de dotacións e equipamentos neste ámbito e a fixación de residencia nos núcleos rurais tradicionais.
- Fixa o uso característico do equilibrio territorial e a protección e posta en valor dos elementos naturais e patrimoniais.

#### Alternativa B

Establece un modelo de novos desenvolvementos satélites a vila urbana, e crecementos polinucleares (modelo expansivo).

- Este modelo diferénciase do anterior en que propón novas actuacións de desenvolvemento residencial exteriores ao núcleo de Pontecarreira, co que a capacidade residencial total quedaría máis restrinxida no solo urbano existente e nos núcleos rurais.

Alternativa elixida A alternativa 0 non é viable, segundo se explica máis arriba.

Polo seu carácter mais apropiado, pola súa sustentabilidade e menor consumo de solo, así como as tendencias sociodemográficas constatadas, elixiuse para o desenvolvemento do Plan Xeral do concello a alternativa A.

Isto xustifícase porque o modelo proposto no PXOM parte da concentración dos novos desenvolvementos urbanísticos e das dotacións arredor do núcleo de Ponte Carreira, optando por un modelo centralizado, de baixo impacto e cun axeitado nivel de servizos para o conxunto da poboación, modelo que xa existe, posto que Ponte Carreira é o único núcleo urbano do concello, polo que o Plan confirma a tendencia do concello, corrixindo os problemas ambientais, urbanísticos e socioeconómicos e de paisaxe urbano. As únicas excepcións son os novos desenvolvemento industriais, localizados estratexicamente pola súa conectividade, ao tempo que están considerados como estratéxicos polo concello polo seu valor como instrumento de desenvolvemento económico, en ausencia de outros recursos.

#### Identificación dos efectos sobre o medio

##### Accións urbanísticas do PXOM

- CONSOLIDACIÓN DA MALLA URBANA DE PONTE CARREIRA. Esta acción afectará a 5,0 Ha, cunha paisaxe de poboamento difuso, cultivos e praderías. Trátase de completar a malla urbana existente, eliminando os espazos baleiros e empregando solos xa transformados. A

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez

área de potencial crecemento que contempla esta acción está tamén xa urbanizada, e é a que está situada entre o actual núcleo e os colexios.

AMPLIACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS. Esta acción se desenvolve ao longo de 176 Ha, e corresponde ás eventuais áreas de expansión destes núcleos. Neste caso tamén procúrase a compactación e a calidade visual destes núcleos, ao tempo que se lles dota de servizos básicos de carácter urbano. A paisaxe predominante neste zona é a rural.

- NOVOS ASENTAMENTOS INDUSTRIAIS PROGRAMADOS (S-01). Solo urbanizable para un polígono industrial en Abella, de 6,22 Ha de superficie. A elección desta peza ven dada pola súa accesibilidade e situación, a carón da estrada AC-524. A nova zona industrial está ubicada xunto á Cooperativa Central de Frades. O planeamento prohibirá industrias ou actividades incompatibles co uso residencial próximo e se impedirá a afectación de terras de cultivos en produción.
- NOVOS ASENTAMENTOS INDUSTRIAIS PROGRAMADOS (S-02). Solo industrial programado (22,42 Ha) para desenvolver un polígono industrial vencellado á estrada N-634, no contorno do Cadaval, co fin de ordenar e regularizar uns terreos onde se ubican unhas naves e un establecemento de hostalería.
- NOVAS DOTACIÓNS PROGRAMADAS (ZVX-2, 3 e 4). Cunha superficie total de 3,6 Ha, trátase de zonas verdes (Abella e Cimadevila) e unha ampliación da área recreativa de Pontecarreira, á beira do río Tambre.

#### Descrición dos impactos

Neste capítulo identifícanse as alteracións que se producen sobre o medio debidas ás accións propostas polo PXOM.

As fontes de contaminación actuais e os impactos previos á entrada en vigor do PXOM (Alternativa "0") están descritos no ISA

As actuacións urbanísticas previstas polo PXOM de Frades descríbense no ISA. Estas actuacións constitúen as únicas fontes de impactos sobre o territorio de Frades derivadas da implantación do PXOM.

#### Solos

Polo que fai ao consumo ou artificialización deste recurso, non están previstos máis desenvolvementos que os descritos no ISA.

As accións urbanísticas pretenden aumentar o solo industrial e residencial do concello, cunha superficie total afectada de 34,56 Ha (25,39 Ha para solo industrial e 9,17 Ha para solo residencial).

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado definitivamente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo. Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III  
Lucía Linares Yáñez

Considérase un impacto negativo, directo, permanente, simple, irreversible e irrecuperable.

#### Augas

En todos os cursos fluviais presentes no concello deberanse evitar invasións de maquinaria, depósitos de materiais, calquera tipo de vertidos que poidan incidir na calidade das augas dos ríos e, en xeral, calquera tipo de acción que afecte a este medio.

As augas subterráneas poden, eventualmente, verse alteradas pola xeración de residuos susceptibles de alterar a calidade das augas na fase de obras. Estes efectos negativos corríxanse á finalización das obras.

Outro aspecto importante é a existencia da planta de lavado de minerais de ERIMSA. O emprego intensivo de auga pode causar interferencias no ciclo hídrico se non se ten o máximo coidado, evitando calquera clase de verquido.

Polo que fai ao aumento no consumo de auga e a produción de efluentes, considérase un impacto negativo, directo, permanente, acumulativo, reversible e recuperable. No caso dos efluentes contémpanse medidas correctoras (depuradoras).

#### Clima

As accións previstas para o desenvolvemento do PXOM non terán ningún tipo de impacto sobre o clima de Frades.

#### Calidade ambiental

Refírese ó impacto sobre a calidade do aire xerado pola existencia de partículas en suspensión, procedentes do movemento de terras e do aumento de tráfico e maquinaria pesada na etapa inicial das obras de urbanización. Esperase que o impacto sexa baixo e puntual.

Esperase un aumento dos rúidos producidos, na fase de obras polo movemento de maquinaria pesada e, na fase de funcionamento, polo aumento do tráfico. O primeiro impacto desaparecerá á finalización das obras, e o segundo, de menor nivel, permanecerá na zona.

O impacto producido pola actividade da explotación de ERIMSA considerase negativo, directo, temporal, de medio prazo (momento), acumulativo, reversible e recuperable a través de medidas correctoras.

#### Patrimonio histórico-artístico

A aplicación e desenvolvemento do PXOM non terá ningún efecto sobre o patrimonio cultural de Frades.

#### Flora e fauna

Non se producirá ningún tipo de afección á fauna e á flora do territorio municipal. Os ámbitos propostos para a ampliación da malla urbana están xa artificializados e, por tanto, carentes de

vexetación. A ampliación dos solos industriais se desenvolve nunhas áreas xa transformadas, e carentes de valores naturais.

Non se rexistra ningún tipo de acción ou afección ás áreas naturais do concello.

#### Paisaxe

Este impacto refírese á alteración da paisaxe preexistente, alteración producida pola perda de naturalidade a causa dos traballos da urbanización. O impacto paisaxístico previsto máis significativo será o derivado da execución da ampliación da malla urbana e a creación de solo industrial. Fora destes ámbitos o PXOM non intervéen e, por tanto, non altera a paisaxe preexistente.

No caso das ampliacións da malla urbana e do solo residencial, o impacto pode considerarse como de carácter neutro, xa que pretende integrar na actual malla urbana edificacións xa existentes. O tipo de acción será sinérxico, permanente, acumulativo, irreversible e irrecuperable.

No caso dos novos solos industriais, a acción persigue dotar ao concello de solo axeitado para o desenvolvemento das actividades económicas, sendo o impacto paisaxístico negativo, directo, permanente, acumulativo, irreversible e irrecuperable, aínda que susceptible de recibir medidas correctoras, destinadas fundamentalmente a manter a situación actual do solo na medida do posible.

#### Enerxía

Prevenise lixeiros aumentos do consumo de electricidade, derivado do eventual aumento da actividade industrial.

Considérase un impacto negativo, directo, permanente, sinérxico, irreversible e recuperable. Prevenise medidas correctoras, tendentes ao aforro enerxético.

#### Refugallos

Prevenise lixeiros aumentos na produción de residuos de tipo industrial, derivado do eventual aumento da actividade industrial.

Considérase un impacto de carácter negativo, directo, permanente, simple, reversible e recuperable con medidas correctoras (reciclaxe e valorización de todo tipo de refugallos).

#### Incremento da contaminación e demanda de recursos

Dadas as características das accións urbanísticas previstas, só se prevé un aumento significativo de materias primas e enerxía na ampliación e adecuación da área industrial. No caso da ampliación da malla urbana, non se prevén modificacións estruturais. No caso das áreas industriais, o impacto esperado é negativo, directo, permanente, acumulativo, irreversible e irrecuperable, susceptible de recibir medidas correctoras, destinadas a minimizar o impacto no solo, na paisaxe, promover o aforro enerxético, o impacto sónico e a produción de residuos..

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente neste Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero







de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez

O desenvolvemento do Plan non vai alterar a actual localización dos equipamentos nin se producirán actuacións sobre a rede viaria actual. Polo tanto, non se prevé ningún impacto sobre a mobilidade da poboación nin sobre a accesibilidade ao centro urbano e aos equipamentos públicos. As novas áreas industriais de Frades xerarán novas necesidades de mobilidade pola propia actividade económica e polas necesidades de desprazamento dos traballadores. Estas necesidades resolveranse fundamentalmente por medios de transporte privados, dada a escasa funcionalidade do transporte público, sobre todo polo que fai ao horario laboral. Este impacto se concreta nun aumento de tráfico producido pola nova actividade industrial (actividade+movementsos laborais). Este impacto é negativo, directo, permanente, recuperable e reversible.

#### Valoración dos impactos identificados

De todos os factores ambientais considerados só se identifican impactos en solos, augas, paisaxe, enerxía, demanda de recursos, mobilidade-accesibilidade e produción de residuos. Estes impactos proceden fundamentalmente da execución do solo industrial (S-01 e S-02). A ampliación dos núcleos rurais proxéctase ao longo do tempo, e non vai producir ningún tipo de impacto.

Os impactos considéranse de tipo global. É dicir, non se diferencia entre fases de obras e fase de explotación ou funcionamento do plan, agás no caso da ampliación da área industrial, na que o impacto na fase de obras será maior e de carácter non permanente

#### Impactos derivados da execución do solo industrial

Dadas as características da acción urbanística, produciránse afeccións de tipo moderado sobre os solos, as augas, paisaxe, aumento no consumo de enerxía, no consumo de recursos nas fases de urbanización e construción da área industrial e na produción de residuos de tipo industrial na fase de funcionamento, aumento do tráfico rodado, que producirá un aumento das inmisións á atmosfera e aumento do ruído.

#### Capacidade de acollida do territorio

Dadas as características das accións urbanísticas previstas, e o medio en que se desenvolven, permiten concluír que a capacidade de acollida deste territorio é media-baixa.

### 8. Deseño de medidas

Este apartado describe as medidas que se adoptarán para prever, reducir e contrarrestar calquera efecto negativo para medio ambiente ou socioeconómico derivado da aplicación do PXOM de Frades. Ademais, este apartado complétase co programa de seguimento que figura no punto 11 do presente documento.

As medidas recollidas a continuación deséñanse tendo en conta a natureza dos efectos estratéxicos da alternativa seleccionada sobre as variables de sostibilidade, tanto para potenciais, caso de ser positivos, ou para corrixilos ou compensalos, caso de ser negativos.

Como xa se ten dito en varias oportunidades neste documento, os impactos máis importantes que se prevén no desenvolvemento e aplicación do PXOM de Frades procederán da propia urbanización, na súa fase de obras, impactos que son puntuais e que cesarán ao finalizar as obras. Son de escasa magnitude e importancia dado o pequeno tamaño das actuacións, o escaso consumo de solo e o mínimo cambio de uso deste, reducíndose a pequenas bolsas de solo urbanizable. Por outra parte, e dado o modelo centralizado que persegue o Plan, tampouco se contemplan actuacións de construción de viais, senón que se aproveita e adecúa o preexistente.

Posteriormente, ao finalizar as obras, os impactos derivados dos potenciais incrementos de poboación a causa das novas capacidades (maior necesidade de abastecemento de auga, maior necesidade de saneamento, maior volume de produción de RSU e residuos industriais, necesidade de novos equipamentos e servizos, incremento nas necesidades de mobilidade e creación de emprego) están suficientemente contempladas e previstas polo Plan, e, en todo caso e no horizonte de vixencia do propio Plan, serán de escasa entidade e magnitude.

Dende o punto de vista da naturalidade, non se afectan espazos protexidos ou de valor natural ou paisaxístico, e as eventuais afeccións poden derivarse das fases construtivas, restaurándose a naturalidade ao finalizar as obras.

#### **Análise de coherencia**

##### Coherencia externa (análise da compatibilidade estratéxica)

O Informe de Sostibilidade Ambiental que se analiza neste documento é parte integrante do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que é sometido o PXOM do concello de Frades.

O concello de Frades, responsable da elaboración do PXOM e, polo tanto, órgano promotor do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica, inicia os traballos para a elaboración do PXOM no ano 2009. Posteriormente emite, en maio do 2009, o Documento de Inicio para o Procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, dándose comezo á avaliación.

A partir deste documento, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, órgano ambiental no mencionado proceso de AAE remite ao órgano promotor, en agosto do 2009, o "Documento de referencia para a AAE do PXOM do Concello de Frades", tal como o prevé o artigo 19 da citada Lei 9/2006. Este documento de referencia determina unha serie de pautas adicionais para a elaboración dos distintos puntos do Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA), precisando a información que, como mínimo, deberá conter.

A entrada en vigor da Lei 2/2010 antes da aprobación inicial do PXOM de Frades, obriga a iniciar os trámites do procedemento de AAE adaptándose integramente a ela. Así, con data de 11 de novembro de 2010 o concello de Frades remite á órgano ambiental competente unha addenda ó documento de inicio xa remitido a e este emite un novo documento de referencia en decembro de 2010.

DILIXENCIA.- Para facer constar dos aspectos claves para a sostibilidade  
presente documento forma parte do PXOM  
de Frades, aprobado provisionalmente por  
este Concello en Sesión Plena celebrada  
o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaria do Concello de Frades.

Asdo. Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III  
Lucía Linares Yáñez

O PXOM promove un uso eficiente e sostible do solo, promovendo accións urbanísticas que non supoñen consumos inxustificadas de solo, como a completación dos núcleos urbanos preexistentes, e a rehabilitación.

O equilibrio entre a necesidade de ocupación do solo e a planificación prevista polo Plan está xustificada ao longo de varios puntos da Memoria do PXOM.

Do total da superficie municipal de Frades -8.173,57 Ha-, o PXOM clasifica o 0,18% como solo urbano, un 4,07% como solo de núcleo rural, un 0,35% como solo urbanizable delimitado, e un 84,69% como solo rústico protexido, do que o 28,90% é de protección forestal, o 52,11% é de protección agropecuaria, e o 10,70% é de protección de augas.

Non se producirán afeccións de solos situados nas proximidades de áreas naturais, protexidas ou non, patrimoniais ou de carácter arqueolóxico. Evitarase calquera tipo de zonificación que derive en fragmentación do territorio, e as actualizacións colindantes coas áreas naturais contarán con panos ou sistemas amortecedores que sexan efectivos, evitando, na medida do posible, calquera tipo de interacción entre as áreas naturais e as antropizadas.

Os solos xa transformados terán prioridade no referente a súa ocupación, procurando a compactación e a continuidade destes espazos, procurando o mínimo consumo deste recurso.

#### Vocacionalidade de ámbitos

Este PXOM evita calquera tipo de afección urbanística en ámbitos de protección forestal, natural ou agropecuarias.

O PXOM clasifica máis do 84% do termo municipal como solo rústico. O concello de Frades é un concello eminentemente gandeiro e o 100% da superficie do seu termo municipal foi sometido a procesos de concentración parcelaria. Así a superficie clasificada como solo rústico de protección agropecuaria abarca o 52,11% de todo o territorio.

A superficie clasificada como núcleo rural e solo urbano tan so ascende ó 4,25% do concello (347,65 Ha), para un total de 1.168 vivendas existentes dentro destas delimitacións e 348 estimadas.

Como solo urbanizable de uso residencial tan so se prevén dúas bolsas de solo en Pontecarreira, de tan so 4,1 Ha entre ambas, que non fan máis que rematar a trama urbana existente, e que, pola súa situación entre esta trama urbana e o novo trazado da N-634, ocupan terreos totalmente transformados, e cunha escasa capacidade productiva. Así a clasificación destes solo é totalmente compatible coa capacidade productiva agrícola do concello.

Plantéxanse dúas áreas de solo urbanizable de uso industrial, unha en Abellá e outra no Cadabal, perto de Pontecarreira. Ao respecto da primeira compre indicar que se plantexa un ámbito para o desenvolvemento de actividades relacionadas co sector agrogandeiro. Así a súa necesidade ven xustificada pola potencia que este concello ten dende o punto de vista agrogandeiro, e a súa posición

pola necesidade de proximidade ás principais instalacións existentes no concello. O ámbito é de pequenas dimensións.

Ao respecto do outro solo urbanizable industrial, o ubicado no Cadabal compre indicar que se plantexa un ámbito de parque empresarial buscando a conectividade que supón a estrada N-647 e a proxección que coa que pode contar este ámbito no eixo Santiago-Asturias. Tamén se plantexa un parque empresarial de pequenas dimensións, tan so 10 Ha, e parte del está ocupado a día de hoxe por actividades industriais existentes, sendo o seu grao de transformación.

#### Exposición a riscos

O Plan non está exposto a riscos naturais a través do planeamento.

Frades non está clasificado como concello con risco potencial significativo de inundación.

Por outra banda, no concello existe unha actividade de extracción, laboreo e acumulación de áridos (ERIMSA), que conta cos seus propios estudos de impactos ambientais e plans de seguimento.

#### Integración paisaxística

O ISA inclúe unha análise da paisaxe e, dende o punto de vista da urbanización, considérase que esta producirá impactos neutros ou positivos: tanto nos núcleos urbanos do concello de Frades como nos núcleos rurais, o Plan contempla, como xa se ten dito, accións de compactación, regularización e colmatación de espazos intersticiais, velando pola tipoloxía e evitando accións negativas.

Calquera outra actuación fora dos ámbitos citados farase tendo en conta a non afección ás características paisaxísticas ou, en todo caso, a máxima integración na paisaxe circundante, evitando, en todo caso, presións sobre os elementos singulares da paisaxe. Amais, o Plan contemplará medidas activas de elementos que contribúan á calidade da paisaxe.

#### Conservación do patrimonio natural e cultural

Calquera dos espazos de interese natural do concello de Frades están protexidos polo Plan. De acordo co anterior, están protexidas as ribeiras dos ríos, as masas de vexetación natural e/ou autóctona, as masas forestais, os humedais, ou calquera outro ecosistema de interese, así como as súas áreas de transición, establecendo medidas de amortecemento ante calquera afección próxima.

Potenciarase un tipo de relación humana coas áreas naturais que sexa compatible coa súa protección e conservación.

Así mesmo, establecen medidas de protección para áreas forestais afectadas por incendios segundo a lexislación vixente, establecendo medidas para minimizar os efectos dos lumes forestais.

O Plan recolle medidas activas de recuperación e mellora do medio natural, e máis concretamente, preveranse medidas de rexeneración de espazos afectados pola actividade extractiva levada a cabo

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018  
A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III  
Lucía Linares Yáñez

O Plan protexe os enclaves de interese cultural, histórico, arquitectónico e arqueolóxico e ten actualizado e catalogado o parque de edificios destacables. Polo que fai á rehabilitación, esta corresponde á iniciativa privada, aínda que, vía ordenanza, esixírase aos propietarios o correcto mantemento dos edificios catalogados.

Dende o punto de vista social, en Frades non se identifican áreas degradadas ou marxinais, nin bolsas de exclusión social nas que o Plan deba intervir.

Fragmentación do territorio

Ningunha das accións urbanísticas propostas polo Plan xeran fragmentación ecolóxica do territorio. Tampouco se contempla a construción de infraestruturas que poidan supoñer barreiras entre biotopos.

Calidade de vida

O Plan garante o acceso a espazos libres e aos equipamentos culturais e de lecer á poboación do concello.

O Plan so contempla a construción de novo viario salvo no interior dos solo urbanizables, que en todo caso debe considerarse local.

Gobernanza

As determinacións contidas polo PXOM adoptaranse seguindo o principio de actuación e colaboración interadministrativa, co obxectivo de que cada administración artellará os medios axeitados para que as demais poidan participar nas decisións propias mediante o procedemento que se estime ou, no seu caso, a través dos órganos de coordinación que poidan existir.

Competitividade económica

O PXOM xustifica oportunamente a necesidade de solo industrial en dúas ubicacións e con dúas finalidades claramente diferenciadas: unha relacionada coa implantación de empresas vinculadas ó sector agrogandeiro (Abellá) e outra de vinculadas con actividades preexistentes e outras de proxección supramunicipal vinculadas ó eixo Santiago-Oviedo (O Cadaval)

En particular, promoveranse convenios de colaboración entre as distintas administracións para levar a cabo proxectos de ordenación e restauración ambiental, conforme aos criterios establecidos polo PXOM.

Equilibrio no desenvolvemento económico

O Plan xustifica razoablemente a idoneidade do planeamento con respecto ás necesidades das actividades económicas actuais e potenciais de Frades, así como ao axeitado dimensionamento e distribución dos equipamentos e infraestruturas.

Calidade do aire

En Frades non existen fontes importantes de contaminación atmosférica, e só se identifica unha actividade industrial importante susceptible de provocar emisións, ou verquidos contaminantes (hidrocarburos puros ou mesturados e hidrocarburos non clorados procedentes de transmisións mecánicas), levada a cabo pola empresa Erimsa S.A., cúa actividade extractiva produce impactos derivados do movemento de terras e do transporte de mineral, entre outros.

Vía ordenanza establécense os criterios de sustentabilidade en tódolos tipos de edificación no concello, segundo o seu uso ou actividade a desenvolver.

Calidade da auga

As instalacións de abastecemento e saneamento do concello terán a dimensión axeitada para a poboación de Frades e o seu eventual crecemento, subsanándose as deficiencias que na actualidade persisten. O sistema de depuración estimará o volume de augas residuais segundo a súa tipoloxía e deseñará as instalacións de xeito que produzan o mínimo impacto nos cursos fluviais onde se virtan os efluentes xa depurados.

Cohesión social

O Plan ten valorado a estrutura demográfica de Frades á hora de planificar e situar as infraestruturas, dotacións e equipamentos de carácter social, valorando as súas necesidades presentes e futuras.

No Documento de Aprobación Inicial se indican as capacidades, potencialidades e necesidades dos servizos de abastecemento e saneamento, así como a poboación total que dispón destes servizos e a súa previsión futura. Indícase tamén a capacidade do sistema segundo a variación anual da demanda de auga. Este punto indica tamén as necesidades de saneamento da poboación co fin de garantir a depuración dos efluentes.

Prevenise infraestruturas sociais e equipamentos para a poboación actual e a potencial segundo as previsións do Plan e se inclúe tamén a perspectiva de colectivos vulnerables no deseño tanto das infraestruturas como dos equipamentos e redes de espazos e centros públicos. Garántese tamén a proporción regulamentaria de vivendas protexidas.

Na edificación, o Plan aplicará criterios de sustentabilidade en tódalas tipoloxías e, dende o punto de vista ambiental, a súa localización estará de acordo coa actividade a desenvolver.

O Plan non contempla actuacións nos sistemas de depuración particulares por exceder do ámbito no plan. Non obstante, e vía ordenanzas estableceranse as condicións mínimas de seguridade,

O Plan contempla a participación da poboación no proceso de planificación urbanística, para o que o Plan se presenta, en forma de charlas, á poboación, resolvendo as dúbidas que poidan ter os interesados ou a poboación en xeral.

salubridade e ornato, e se formulará un sistema de mantemento e limpeza periódicos das fosas sépticas que permanezan no territorio municipal, aínda que a extensión prevista das redes municipais minimizará este impacto.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en sesión de 18 de setembro de 2017, Frades, 18 de setembro de 2017. A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







Os eventuais focos de vertidos da rede municipal aos leitos fluviais están convenientemente inventariados, así como a orixe da auga que abastece ao concello.

Non se detectan cambios de usos nas escorrentías, e nos solos urbanizables o Plan contempla a imposición dunha rede de recollida de pluviais no viario público dos novos desenvolvementos. Para a trama urbana xa consolidada, dotarase á depuradora dun vaso de tormentas para evitar que episodios intensos de augas pluviais asolaguen á EDAR, impedindo o seu correcto funcionamento e vertidos sen depurar.

#### Consumo de recursos hídricos

No lugar de A Pontenova (Gafoi) existe unha captación do río Tambre. Esta auga é tratada nunha ETAP situada no mesmo lugar. A rede de distribución de auga potable alcanza basicamente ao núcleo de Ponte Carreira. O resto das vivendas resolve o abastecemento con pozos ou pequenas traídas veciñais, dende depósitos reguladores ata as vivendas a través de canalizacións puntuais. O 2,0% das vivendas en núcleo non están conectadas á rede, mentres que o 77,3% das vivendas teñen abastecemento autónomo (618 vivendas).

#### Consumo enerxético

O consumo enerxético e a contaminación lumínica do alumeadado público regularase vía ordenanza municipal, na que se contemplará o emprego de dispositivos de baixo consumo e alta eficiencia enerxética e a instalación de pantallas que concentren a luz no chan.

A iluminación pública no concello resólvese con 453 puntos de luz, e unha potencia instalada de 56,6 Kw.

#### Xeración de residuos

O Plan xustificará a capacidade de tratamento e xestión, en función dos crecementos previstos e o aumento asociado de produción de RSU da actual planta de transferencia a SOGAMA.

Regularanse as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo de materiais e a súa eliminación e reciclaxe vía ordenanza municipal.

Reservanse espazos para a implantación de puntos de recollida de RSU, con facilidades para o reciclado dos diferentes tipos de residuos. Na actualidade, existe punto limpo en Frades, na parroquia de Céltigos.

Polo que fai ao depósito e recollida de residuos procedentes da actividade gandeira (plásticos procedentes do empacado da herba), o Plan contemplará, mediante ordenanza, a ubicación de, alomenos, un punto de recollida.

Polo que fai ás áreas circundantes da canteira de ERIMSA, a súa clasificación terase en conta tamén a posibilidade de contaminación producida pola súa actividade.

#### Necesidades de mobilidade

de data **09 XAN. 2018**  
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III  
Lucía Linares Yáñez

O Plan, como xa se ten dito, concentra os servizos e equipamentos públicos, e tamén privados, en Pontecarreira, favorecendo así a súa accesibilidade, pero hai que ter en conta que este núcleo acolle a menos do 20% da poboación.

O Plan garante a accesibilidade ao núcleo urbano de Pontecarreira como centro administrativo e de servizos do concello, así como as áreas de solo industrial. Tamén contribúe á habitabilidade do medio con zonas verdes accesibles e de calidade e mellorando a calidade da paisaxe urbana actual.

O Plan procurará a axeitada zonificación e localización dos equipamentos, aínda que, dada a estrutura tradicional do poboamento en Galicia, esta zonificación afecta tan só aos habitantes da capital municipal, mentres que o resto da poboación precisa de desprazamentos para acadar un mínimo nivel de servizos.

#### Equilibrio no reparto modal

Na medida das súas posibilidades, e tendo en conta a escala municipal, o Plan favorecerá o emprego de medios de transporte alternativos ao automobil, potenciando o emprego do transporte público.

#### Proceso de decisión

#### Coherencia en fervenza

En relación cos obxectivos estratéxicos das Directrices de Ordenación do Territorio están os criterios e obxectivos do PXOM do concello de Frades:

Os criterios básicos da política urbanística contida no PXOM de Frades recollen o emanado na LOUPMRG e atópanse de acordo coa lexislación sectorial galega, e son os seguintes:

- Viabilidade
- Flexibilidade
- Realidade
- Equidade

Pola súa parte, os obxectivos xerais deste PXOM, entendidos como metas ou aspiracións fixadas son os seguintes:

O PXOM de Frades procura a ordenación integral do termo municipal, cos seguintes obxectivos xerais para a redacción do planeamento:

a) O desenvolvemento da actividade construtiva repartida uniformemente por todo o termo municipal creou diferenzas no ordenamento urbanístico municipal, que se acentúan coa aparición dunha serie de construcións que a día de hoxe carecen de legalidade, ou xurdiron á marxe desta.

**DILIXENCIA.-** Para a creencia que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado definitivamente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017, Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaria do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018



A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística II

Lucía Linares Yáñez

O modelo territorial e urbano preliminar proposto para o Concello de Frades baséase nos seguintes obxectivos específicos:

- O obxectivo fundamental, no actual solo urbano do municipio de Frades, é o de completar a súa ordenación e completación.
- Formulación dun uso equilibrado do medio rural, protexendo o medio ambiente e á paisaxe e potenciando os usos produtivos, con especial atención aos equipamentos e industrias. Cumprimentación da trama dos núcleos existentes, impedido a edificación indiscriminada do territorio.
- Equilibrio territorial no nivel de equipamentos, utilizando como ámbito de referencia a parroquia.
- Crecemento sostido no tempo, baseado no ocio, no comercio, nos servizos á poboación e no reforzo das potencialidades industriais; establecendo unha relación axeitada entre o medio natural e o construído.
- Interese pola consecución dunha rede de espazos públicos de calidade.
- Participación real nos procesos de definición e posterior xestión do PXOM.

Tendientes á consecución destes fins, o PXOM debe recoller os seguintes obxectivos e criterios de carácter xeral:

A) Reestruturación funcional do tecido urbano:

- A.1) Equilibrio urbanístico entre diferentes áreas do concello.
- A.2) Impedir a invasión indiscriminada do territorio.
- A.3) Completar a trama urbana do núcleo urbano existente, mellorando a súa funcionalidade.
- A.4) Prever o enlace dos novos crecementos cos núcleos rurais circundantes

B) Consideración da importancia do medio rural:

- B.1) Manter e fortalecer o actual sistema de núcleos.
- B.2) Conservar a parroquia como institución básica da convivencia rural.
- B.3) Potenciar as actividades agropecuarias e forestais.
- B.4) Potenciar a rehabilitación e recuperación do patrimonio arquitectónico popular.
- B.5) Eliminar usos non desexados e incompatibles co uso residencial.

C) Conservación ambiental:

- C.1) Conservar a paisaxe natural e os seus compoñentes individualizados (acuíferos, cursos fluviais, masas forestais, etc.).

C.2) Conservación e recuperación do patrimonio arquitectónico, cultural e medioambiental. O estudo pormenorizado establecerá detalladamente este obxectivo en relación co patrimonio arquitectónico e cultural.

C.3) Conseguir para uso público, áreas de interese que pasen a constituír o sistema xeral de espazos libres do termo municipal.

C.4) Recoñecer e potenciar aquelas áreas con alto valor ecolóxico, incluídas ou non en inventarios de espazos naturais.

C.5) Ordenar axeitadamente as actividades vinculadas co aproveitamento dos recursos naturais e transformación de produtos vinculados ao sector primario.

D) Dotación de elementos Comunitarios:

D.1) Equilibrio dos aproveitamentos lucrativos e os usos comunitarios a establecer nos solos intersticiais vacantes situados dentro da trama urbana.

D.2) Mellora das actuacións infraestruturais que supoñan unha recuperación da calidade de vida (saneamento, viario e rede xeral de comunicacións).

E) Integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do concello, conservando cada unha das súas particularidades.

E.1) Respecto á distribución descentralizada e xerárquica da poboación no concello.

E.2) Defensa do equilibrio intersectorial existente.

E.3) Fomento, de acordo coa Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004, da construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección.

E.4) Fomento da rehabilitación da arquitectura tradicional.

A formulación e realización do PXOM para o municipio de Frades ten unha orientación destinada a obter un modelo de utilización do solo a longo prazo, urbanísticamente equilibrado e de desenvolvemento sostible, que consiga as mellores condicións e calidade de vida para os seus habitantes.

A formulación do Plan Xeral preparará ao concello para resolver os actuais problemas de modernización e procura de maior dinamismo dos sectores industriais, agropecuarios, forestais ou ecoturísticos, sendo capaz de prever un crecemento continuado e sostido nos próximos anos.

Apoiándose na mencionada estrutura xeral, recoñece a existencia dun núcleo urbano, no que se concentra a principal consolidación edificatoria e existencia de servizos, a existencia dun entramado de núcleos máis miúdo cuxa organización principal é a parroquia, así como os solos urbanizables e rústicos, tendo en conta o conxunto de obxectivos urbanísticos.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento, que é o PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017, Frades, 18 de setembro de 2017. A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018

Concello de Frades (A Coruña)



A xefa do servizo de Planificación

Urbanística III

Lucía Linares Yáñez

urbanístico vixente na actualidade deberá adaptarse ó disposto na presente Lei en calquera dos seguintes supostos: no prazo de tres anos (...)

O Plan Xeral plantéxase como obxectivo favorecer o desenvolvemento cualitativo de Frades e ser realista. Capaz de ser levado á práctica, permitindo conseguir a materialización das determinacións de planeamento que se fixan, nos prazos que se determinan.

Como desenvolvemento deste obxectivo xeral, considérase, asemade, obxectivo básico para o conxunto do termo municipal coñecer a vocación fundamental de cada parte do seu solo, a fin de recuperar e desenvolver de forma positiva os recursos do medio físico, as actividades agrarias, industriais e comerciais: desenvolver as comunicacións e os servizos comunitarios e favorecer o máximo rendemento posible a través das determinacións de planeamento que ós solos se lle asignen.

#### Coherencia transversal

Como se indicou anteriormente, o Concello de Frades non conta, a día de hoxe, con ningún documento de planeamento propio, polo que a conveniencia da redacción faise evidente.

Por outra parte, o moderado desenvolvemento da actividade construtiva no termo municipal, a nivel de vivendas unifamiliares nos núcleos rurais e no núcleo de Ponte Carreira, creou diferenzas no ordenamento urbanístico municipal, que se acentúan coa aparición dunha serie de construcións que carecen de legalidade ou xurdiron á marxe de esta.

O previsible aumento de poboación debe ser contemplado de maneira rigorosa fomentando a estrutura nucleada do concello do xeito máis ordenado posible, creando bolsas de solo para desenvolver, nas cales os novos asentamentos se integren de xeito natural co tecido existente e se reduzan os déficits que a nivel de espazos libres e equipamento poida ter neste momento o concello.

Por último, o proceso en que se atopa inmerso o concello de profunda modernización das súas explotacións agropecuarias, dentro do marco delimitado polas Normas Subsidiarias Provinciais, e pola actual lexislación do solo, creou situacións de desequilibrio e de ilegalidade que deberían ser corrixiadas. Isto acentúase coas crecentes axudas para a modernización das mencionadas explotacións e a tendencia e fomento das de maior tamaño. A implantación en solo rústico de actividades vinculadas á primeira transformación, son outros aspectos de importancia que debería recoller o Plan Xeral na súa regulación.

#### Demanda social

O PXOM de Frades redáctase, como xa se ten dito ao longo deste documento, porque a lei así o esixe: "O planeamento urbanístico vixente na actualidade deberá adaptarse ó disposto na presente Lei en calquera dos seguintes supostos: no prazo de tres anos" (...)

#### Consideración de alternativas. Xustificación da elección

A alternativa ao PXOM do concello de Frades é a non realización do Plan (alternativa 0), porque a lei así o esixe (disposición adicional segunda da Lei 9/2002 e posteriores modificacións: O planeamento

A non aplicación do PXOM ou Alternativa "cero", dende o punto de vista ambiental e urbanístico non producirá efectos positivos no conxunto do territorio municipal, senón máis ben o contrario, toda vez que, precisamente, a aplicación do PXOM ten a intención de corrixiar problemas xerais do concello, tal como queda reflectido ao longo do punto 4.12 (Síntese da situación actual e problemática do concello) e tamén no punto 5 (Criterios e obxectivos ambientais estratéxicos do PXOM de Frades) do ISA.

Pola contra, a non aplicación do PXOM ou Alternativa "cero" podería xerar, dende o punto de vista ambiental e urbanístico, os seguintes efectos xerais negativos ou non desexados:

- Unha degradación da paisaxe rural pola planificación de tipoloxías construtivas sen planificación e sen tratamento axeitado, apoiadas nunha rede viaria non deseñada para este fin.
- A falla de concreción no desenvolvemento urbano supón un desequilibrio entre o número de vivendas e as expectativas reais do concello, o que pode desembocar nunha proliferación de situacións de indisciplina urbanística en solos non axeitados para o desenvolvemento urbano. Mantemento da situación actual da paisaxe urbana: espazos vacantes, diferenzas de altura nas edificacións e inadecuación nos usos do solo.
- Déficits de equipamentos socioculturais que dean resposta axeitada á malla difusa xerada pola falla de centralidades claras.
- Inaxeitado dimensionamento da rede de sumidoiros e tratamento de refugallos. O difuso construtivo impide a concreción dunha rede que dea resposta a esta eventualidade. Por outra parte, a EDAR de Pontecarreira precisa dunha urxente modernización e redimensionamento. Isto, xunto coa construción de outra depuradora en Abellá, e a extensión das redes de abastecemento de auga potable e de saneamento, están previstas polo PXOM.
- Unha ocupación anárquica do territorio sobre a base dunha rede rural de camiños xurdida sen planificación previa.
- Inexistencia de factores de atractividade para as industrias a causa da ausencia de planeamento para esas actividades, o que conlevaría a perda de inversións, diminución da oferta laboral e o reforzo da tendencia á emigración cara outras áreas con máis oferta de solo industrial.
- Paulatino empeoramento da rede de comunicacións por falla de previsión e deseño acorde coas necesidades.
- Problemática coa conservación dos espazos naturais.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento de planificación de desenvolvemento do concello en tódolos seus aspectos, reforzo da tendencia ao estancamento demográfico e retroceso socioeconómico.

Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaria do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018

Concello de Frades (A Coruña)

En definitiva, a non aplicación e desenvolvemento do PXOM (alternativa "cero") suporía o mantemento da actual situación, é dicir, a carencia dun planeamento municipal e a vixencia das xa superadas Normas Subsidiarias.

A alternativa elixida xustifícase porque o modelo proposto no PXOM parte da concentración dos novos desenvolvementos urbanísticos e das dotacións arredor do núcleo urbano de Ponte Carreira, optando por un modelo centralizado, que xa existe de facto, posto que Ponte Carreira é o único núcleo urbano do concello, e o Plan non fai senón confirmar e ordenar a tendencia do concello, corrixindo os problemas detectados.

As únicas excepción contempladas son os novos desenvolvemento industriais, que teñen unha ubicación considerada como estratéxica en razón da súa conectividade, e a súa existencia é considerada como estratéxica polo concello polo seu valor como instrumento de desenvolvemento económico, en ausencia de outros recursos.

En definitiva, por pura coherencia interna do Plan e procurando a máxima sostibilidade ambiental, o Plan non contempla outras alternativas que as descritas no PXOM polas razóns descritas máis arriba.

#### Consultas e coordinación

Para a redacción do PXOM de Frades foi creada unha comisión municipal na que estiveron representados todos os grupos políticos do concello.

Por outra banda concelleiros e representantes de cada parroquia aportaron datos e necesidades de cada unha delas de cara a ser reflectidas no PXOM.

No proceso de avaliación ambiental estratéxica, o documento de inicio e o documento de referencia estiveron dispoñibles na web da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para calquera persoa interesada.

O proceso de exposición ó público e de consultas ás administracións será definido no momento procedimental que corresponda.

#### Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia

O principal "elemento estratéxico" do municipio de Frades é o seu propio territorio, o seu medio natural, a estrutura aínda intacta dunha boa parte dos núcleos rurais e amplas zonas de vexetación autóctona, que, xunto á súas boas comunicacións no eixe Santiago-Lugo pola estrada N-634, e a proximidade á capital, pode contribuir á potenciación da actividade turística e/ou de segunda residencia.

Polo tanto, o efecto do Plan Xeral será a preservación e optimización dos valores ambientais, paisaxísticos e do patrimonio cultural, etnográfico e arquitectónico do municipio.

A delimitación dos núcleos rurais, e a determinación daqueles que deban someterse a un proceso posterior de mellora permitirá a rehabilitación do casarío existente e a construción de vivendas de



A xefa do servizo de Planificación

Urbanística III

Lucía Linares Yáñez

nova planta nos seus ámbitos, dando así resposta á necesidade de edificación residencial que, aínda que moderadamente, se poida presentar.

Non se formulan actuacións urbanizadoras agresivas nin a grande escala, máis alá do remate das tramas urbanas existentes, polo que o seu impacto sobre o medio non será significativo, mentres que a previsión de zonas industriais permitirá o asentamento das empresas, con mellores dotacións e medidas de preservación do medio, redundando en beneficio da actividade económica.

Non se considera que o Plan vaia supoñer un efecto significativo sobre a rede viaria estruturante. Pola contra, en desenvolvemento do Plan Xeral ampliaranse as dotacións existentes, tanto equipamentos como zonas verdes, producíndose pois un efecto beneficioso para a calidade de vida da poboación.

Como non pode ser doutro xeito, o Plan Xeral verase afectado polas planificacións sectorial e territorial de aplicación no seu ámbito territorial. Polo tanto, a lexislación sectorial vixente en materia de protección do medio, espazos naturais, patrimonio cultural, augas, estradas, etc., será determinante na delimitación das distintas categorías concordantes de solo rústico especialmente protexido.

Os bens a protexer de natureza arqueolóxica, arquitectónica ou etnográfica que se inclúan no Catálogo, determinan a aplicación da correspondente Ordenanza especial de protección do patrimonio ás súas respectivas áreas de protección integral e de respecto,

independentemente da clase de solo en que se sitúen, polo que afectan igualmente ao solo urbano, urbanizable, rústico ou de núcleo rural que os acolla.

Especial relevancia terán as Directrices de Ordenación do territorio, ás determinacións das cales se axustará o Plan Xeral.

Analízanse a continuación as afeccións sobre elementos estratéxicos do territorio.

#### *VÍAS DE COMUNICACIÓN*

Os efectos sobre as infraestruturas viarias non se consideran importantes, pois o PXOM non producirá incremento de tráfico de vehículos significativo.

#### *INFRAESTRUTURAS DE PRODUCCIÓN E TRANSPORTE DE ENERXÍA*

Presérvanse todos os elementos de distribución de enerxía, o trazado da cal, ao igual que as vías de comunicación, clasifícanse dentro do Solo Rústico de Especial Protección de Infraestruturas. Por outra parte, as infraestruturas de novo trazado, que superan a responsabilidade do Concello, deberán preservar os espazos naturais e os de valor paisaxístico, por entender que non son compatibles, sendo recomendado así mesmo o seu soterramento ao paso por núcleos rurais.

DILIXENCIA. Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaria do Concello de Frades.

Asdo: Carmen Gómez Otero.







Como se comentou na primeira análise dos equipamentos, é posible que estas infraestruturas sexan insuficientes para o municipio. O PXOM suporá unha mellora desta situación, propondo a ampliación e substitución, se é o caso, das redes actuais, en función dos crecementos previstos.

#### TRAMA EDIFICADA

Preténdese limitar unha urbanización expansiva, contraria ademais ao decrecemento demográfico do municipio, compactando a trama nas zonas máis adecuadas en función da aptitude das superficies do territorio.

#### EQUIPAMENTOS E ZONAS VERDES

O Plan contemplará a reserva de territorio para o aumento dos equipamentos e zonas verdes no contorno da capital municipal. Analizarase así mesmo a conveniencia desta delimitación no resto dos asentamento do termo municipal.

#### ACTIVIDADES ECONÓMICAS

A evolución dos sectores económico e demográfico preséntase como positiva. A previsión do PXOM é que coa súa aprobación e execución o concello siga a medrar nestes aspectos.

#### Coherencia interna

A análise obxectiva do ámbito de aplicación do PXOM (o territorio municipal de Frades) permite poñer de manifesto os condicionantes socioeconómicos, físicos e ambientais da situación previa (alternativa 0). Analízanse tamén as variables que se consideran claves (Documento de Referencia de outubro do 2010) no proceso de planificación.

Con nesta situación, ademais dos normativamente establecidos polo contexto xurídico, os obxectivos do PXOM son coherentes cos establecidos nas DOT, conxugando os principios reitores para unha planificación sostible.

Para acadar estes obxectivos, o PXOM propón dúas alternativas, ademais da alternativa 0. Para cada unha das alternativas propostas valorouse o grao de integración dos criterios de sostibilidade para cada un dos elementos estratéxicos no marco dos obxectivos xerais establecidos.

Ante a necesidade de adaptarse ao marco legal que esixe a existencia dun instrumento de planificación consonte coa lexislación vixente, a "Alternativa 0" (seguir coa situación actual e non actuar) queda descartada. Descártase tamén a "Alternativa B" por considerarse menos sostible que a "Alternativa A", finalmente elixida, por ser a máis sostible e a que menor intervención territorial presenta.

A estratexia de planificación elixida leva implícita unha serie de efectos previsibles, que se concretarán no momento de implementación das diferentes accións urbanísticas no territorio. Unha vez identificados estes efectos, o PXOM establece unha serie de medidas correctoras, medidas que están axeitadamente dimensionadas para corrixir ou mitigar os efectos derivados destas accións urbanísticas. Estas medidas garanten o nivel establecido polos criterios de sostibilidade territorial inspirados polo PXOM e requeridos polo órgano ambiental.

de data 09 XAN. 2018  
A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III  
Lucía Linares Yáñez

## 1. Introducción

O presente Informe de Sostibilidade Ambiental é parte integrante do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que é sometido o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Frades. A súa elaboración responde ás esixencias e requirimentos da Lei 9/2006 de 28 de abril, o que se describe no seguinte punto (Marco Normativo).

A finalidade do proceso de avaliación ambiental estratéxica é integrar o medio nas políticas sectoriais, garantindo deste xeito a consecución dun desenvolvemento sostible que permita acadar os grandes retos en materia de prevención e redución da contaminación, uso racional dos recursos naturais, innovación tecnolóxica e cohesión social. O proceso fomenta, así mesmo, a transparencia e a participación cidadán que permita o acceso a unha información exhaustiva e fidedigna do proceso planificador.

O concello de Frades, responsable da elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal e, polo tanto, órgano promotor do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica, inicia os traballos para a elaboración do PXOM no ano 2009. Posteriormente emite, en maio do 2009, o Informe Previo para o Procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, cuio contido se axusta ao especificado no artigo 18 da Lei 9/2006, dándose comezo á avaliación.

A partir deste documento, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, órgano ambiental no mencionado proceso de AAE remite ao órgano promotor, en setembro do 2009, o "Documento de referencia para a AAE do PXOM do Concello de Frades", tal como o prevé o artigo 19 da citada Lei 9/2006. Este documento de referencia determina unha serie de pautas adicionais para a elaboración dos distintos puntos do Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA), precisando a información que, como mínimo, deberá conter (anexo I da citada Lei).

Posteriormente, en decembro de 2010, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como consecuencia da *Addenda* ao Documento de Inicio, emite un novo documento de referencia, deixando sen efecto o emitido en setembro do 2009, co fin de adaptar o Plan á lexislación vixente.

### 1.1. O marco normativo

A avaliación do impacto ambiental das actividades socioeconómicas ten sido un instrumento válido para prever e corrixir as súas repercusións no medio ambiente. Pero ten resultado insuficiente á hora de corrixir os efectos ambientais nos procesos de toma de decisións e, máis concretamente, nas fases de planificación e deseño previas á execución dos proxectos de ditas actividades.

Por iso, a avaliación ambiental estratéxica nace como unha ferramenta ideada para actuar nas fases estratéxicas previas á materialización dos proxectos das actividades, previo análise dos instrumentos

DILIXENCIA: Este documento de planificación derivado das políticas públicas de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaria do Concello de Frades.

Asda: Carmen Gómez Otero.







A avaliación ambiental estratéxica introdúcese no Dereito comunitario a través da Directiva 2001/42/CE, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, norma que hai que situar no marco de V Programa Comunitario de Acción en Materia de Medio Ambiente.

Con data 30 de abril do 2006 (B.O.E. núm. 102 de 29 de abril do 2006) entrou en vigor a Lei Básica 9/2006, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, que supón a transposición da Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. No ámbito de aplicación, explicitase que os plans que afecten á ordenación do territorio e ós usos do solo deberán someterse á mesma.

No seu artigo 8º, respecto dos contidos e alcance do Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA), determínase que o órgano promotor deberá identificar, describir e avaliar os probables efectos significativos sobre o medio ambiente que poidan derivarse da aplicación do plan, así como das alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, incluída, entre outras, a alternativa cero, que tingan en conta os obxectivos e o ámbito de aplicación do plan.

O artigo 9º da citada Lei estatal establece que a amplitude, nivel de detalle e o grao de especificación do ISA determinarase polo órgano ambiental, que no noso caso, é a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, logo de identificar e consultar ás Administracións públicas afectadas e ao público interesado.

Polo que fai ós plans de ordenación municipal, esta lei supera o marco normativo anterior (Decreto da Xunta de Galicia 442 de 1990 de Avaliación de Impacto Ambiental e o Decreto 327/1991 de Avaliación de Efectos Ambientais), que regulaba o documento esixido pola Lei de Ordenación Urbanística do Medio Rural de Galicia, que di que os efectos da documentación necesaria para os plans de ordenación municipal, é preceptiva a elaboración do documento "Estudio de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico".

Por último, coa entrada en vigor da Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica dos plans e programas queda integrado e lexislado pola citada lei.

A continuación, relacionase, por orde cronolóxica, a lexislación que ten algunha relación con este documento:

#### Normativa comunitaria

- Directiva 2001/42/CE de 27 de xuño, do Parlamento e do Consello relativa a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- Convenio Europeo da Paisaxe (Florenza, 2000).

de data 09 XAN. 2018.

A xefe do servizo de Planificación Urbanística III  
Lucía Linares Yáñez

Directiva 97/62/CE do Consello, de 27 de outubro de 1997, pola que se adapta ao progreso científico e técnico a Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

- Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

- Protocolo de Kioto, da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, de 1998.

- Protocolo de Montreal, relativo ás substancias agotadoras da capa de ozono (PNUMA: Secretaría do Ozono. Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente, 1987), modificada polas enmendas de 1990, 1992, 1995, 1997 e 1999.

#### Normativa estatal

- Real Decreto 139/2011 de 4 de febreiro, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas.

- Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da *Ley de Evaluación de Impacto Ambiental de Proyectos*.

- Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da *Ley de Evaluación de Impacto Ambiental de Proyectos*.

- Real Decreto Legislativo do Ministerio da Vivenda 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo.

- Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, que desenvolve a Ley 37/2003 de 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e misións acústicas.

- Ley 42/2007, de 13 de decembro, del patrimonio natural y de la biodiversidad.

- Ley 34/2007 de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmósfera.

- Ley 9/2006, de 28 de abril, sobre evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente.

- Lei 4/1989, sobre conservación de espazos naturais, fauna e flora silvestres.

- Lei 16/85, de patrimonio histórico español.

#### Normativa autonómica

- Orden do 15/09/2008 pola que se aproban inicialmente as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

- Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia.

- Lei 6/2008, de Presidencia da Xunta de Galicia, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo,

polo que se modifica a lei 9/2002.

DILIXENCIA.- Para facer constar a presente documento, unha parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo. Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez

- Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Decreto 88/2007 de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.
- Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais.
- Lei 15/2004 de 28 de decembro de 2004 que modifica a Lei 9/2002.
- Lei 9/2002 de 30 de decembro de 2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. (parcialmente modificada con posterioridade)
- Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia.
- Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia.
- Lei 10/1995, de 10 de marzo, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 8/1995, de 30 de Outubro, de patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.
- Decreto 327/1991 de 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais para Galicia.
- Decreto 442/1990, de 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia.

## 1.2. Relación do PXOM con outras lexislacións sectoriais

O Concello de Frades non dispón na actualidade para a ordenación do solo do seu termo municipal con ningún instrumento de planeamento específico, rexéndose, polo tanto, polas Normas Subsidiarias e Complementarias da Provincia de A Coruña en aqueles aspectos que non contraveñan as disposicións da lexislación do solo de aplicación.

Listado da normativa e as actuacións previstas polos distintos organismos sectoriais:

- Organismo: Dirección Xeral de Infraestruturas. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Xunta de Galicia.
- Lexislación sectorial: Lei 8/2013 de 8 de xuño, de Estradas de Galicia.
- Ámbito: estrada de titularidade autonómica que discorre polo termo municipal: AC-524.
- Afeccións: 100 metros en autovías e 30 metros en estradas convencionais, medidos a partir da aresta exterior da explanación. Neste ámbito, a lexislación sectorial fixa as diferentes zonas e usos permitidos en cada unha delas.

Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

- Organismo: Dirección General de Carreteras del Ministerio de Fomento, Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia.
- Lexislación sectorial: Ley 25/1998, de 29 de julio, de Carreteras.
- Ámbito: estradas de titularidade estatal que discorren polo termo municipal: N-634 e AP-9.
- Afeccións: 100 metros medidos a partir da aresta exterior da explanación para autopistas, autovías e vías rápidas e 50 metros para o resto das estradas. Neste ámbito a lexislación sectorial fixa as diferentes zonas e usos permitidos en cada unha delas.
- Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
- Organismo: Augas de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Xunta de Galicia.
- Lexislación sectorial: texto refundido da Lei de Augas aprobado por R.D.L. 1/2001, de 20 de xullo. Regulamento do D.P.H. RD 849/1986 de 11 de abril, modificado polo RD 606/2003 de 23 de maio. Plano Hidrolóxico de Galicia-Costa (PHGC) aprobado por RD 1332/2012, do 14 de setembro.
- Ámbito: augas continentais, leitos de correntes naturais, continuas ou discontinuas, leitos dos lagos e lagoas e os dos encoros superficiais en ríos públicos, acuíferos subterráneos, ós efectos dos actos de disposición ou de afección dos recursos hidráulicos.
- Afeccións: as marxes dos ríos están suxeitas, en toda a súa extensión lonxitudinal, a unha zona de servidume de 5 metros de anchura, para uso público e unha zona de policía de 100 metros de anchura, no que se condicionará o uso do solo e as actividades que nel se desenrolen.
- Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
- Organismo: Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- Lexislación sectorial: Orde do 9 de xuño de 2003 pola que se declaran provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000, como espazos naturais en réxime de protección Xeral (DOG, luns 16 de xuño do 2003, nº 115). Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza. Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017, en Frades, 18 de setembro de 2017. A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018

1.2.1. As Directrices de Ordenación do Territorio

Espacios naturais e inventario de patrimonio das Normas Complementarias e Subsidiarias Provinciais, de 3 de abril de 1991, DOG nº72 de 16 de abril.

- Ámbito: espacios naturais inventariados, humidais e calquera outro elemento incluído nalgún dos inventarios sectoriais. Sistema Fluvial do río Tambre, incluído na Rede Natura 2000.
- Afeccións: variables en función do espacio natural protexido.
- Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
  - Organismo: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura e Turismo. Xunta de Galicia.
- Lexislación sectorial: Lei 16/1985, de 25 de Xuño, do Patrimonio Histórico Español. Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia. Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, sobre protección dos "hórreos" e "cabazos". Decreto 571/1963 de 14 de marzo, sobre protección de escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico. Decreto de 22 de abril de 1949 sobre protección de castelos españois.
- Ámbito: elementos arquitectónicos e xacementos arqueolóxicos catalogados polas Normas Subsidiarias Provinciais, municipais ou incluídos nalgún dos inventarios da Dirección Xeral de Patrimonio.
- Afeccións: variables entre os 50 m e os 200 m dende o punto máis exterior do elemento que se protexe.
- Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
  - Organismo: Deputación Provincial da Coruña.
- Lexislación sectorial: Lei 8/2013 de 8 de xuño, de Estradas de Galicia.
- Ámbito: estradas de titularidade provincial que discorren polo termo municipal: DP-3802.
- Afeccións: 30 metros medidos a partir da aresta exterior da explanación. Neste ámbito a lexislación sectorial fixa as diferentes zonas e usos permitidos en cada unha delas.
- Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.



A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III  
Lucía Linares Yáñez

En Galicia, a Lei 10/1995 de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, configura as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) como un instrumento de carácter global, expresión da política territorial, que debe constituir o marco xeral de referencia establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais emanadas da comunidade, integrando, no seu caso, as emanadas dende o Estado, así como as propostas que xurdan dende as entidades locais.

En cumprimento desta previsión, mediante o Decreto 19/2011 de 120 de febreiro, se aproban definitivamente as DOT, coa finalidade básica de definir un modelo territorial para Galicia, e que servirá de referencia para o resto das figuras de planificación e actuacións que desenvolvan tanto as administracións como os particulares.

As Directrices de ordenación do Territorio (DOT) constitúen o primeiro instrumento de ordenación territorial que establece as regras para a implantación dos usos e actividades en coherencia coas necesidades sociais, económicas, culturais e ambientais. Na medida en que apostan pola sostibilidade, a cohesión social e o crecemento económico equilibrado, resultan plenamente coherentes cos obxectivos anunciados para as determinacións específicas para os espazos rurais, compartindo un mesmo modelo territorial.

O Concello de Frades encádrase no sistema de asentamentos rurais, situado entre ás áreas urbanas de Santiago e A Coruña. É un concello eminentemente rural, cunha forte presenza aínda do sector primario na súa estrutura productiva.

Segundo as Directrices de Ordenación do Territorio, este concello pertence ao grupo dos que constitúen a estrutura de base da xerarquía de asentamentos no territorio, xunto coas pequenas entidades de poboación. Este grupo defínese como as células elementais dun medio rural vivo, que garante a conservación dos valores culturais, ambientais, paisaxísticos e socioeconómicos, e constitúen condición básica para evitar o abandono e os seus efectos derivados.

#### 1.2.2. O Plan Director da Rede Natura 2000

Habida conta da presenza que ten neste concello a Rede Natura 2000 no ZEC Río Tambre: 88,6 Ha actuais e outras 33,5 Ha contempladas na proposta de ampliación da Rede Natura de novembro de 2011, terase en conta o recollido polo Plan Director da RN2000, como instrumento básico para a planificación e xestión dos espazos protexidos da Rede Natura 2000 de Galicia.

Outros programas e proxectos que están en vigor ou en proceso de aprobación: Plan MOVE, e PDR. Ademais, Frades forma parte da Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade, con vistas a implantar a Axenda 21 Local no concello.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaria do Concello de Frades.  
Asda: Carmen Gómez Otero.






## 2. Determinación do ámbito de influencia

### 2.1 Descrición xeral do territorio

#### 2.1.1. Ámbito comarcal

O concello de Frades encádrase na comarca de Ordes, situada no noroeste de Galicia, nunha posición central con respecto á provincia da Coruña. O Eixo Atlántico de comunicacións, que enlaza o norte e o sur da Comunidade, discorre polo sector central da comarca. A comarca ten unha poboación de 38.683 Hab (ano 2011), concentrados maioritariamente na vila de Ordes, cabeceira comarcal e tradicional centro de mercado, con importantes funcións administrativas (cabeceira de partido xudicial, oficina comarcal da Xunta de Galicia, etc.).



Dende o punto de vista xeográfico, a comarca de Ordes insíbese na chamada penechaira galega, superficie amesetada tan só interrompida por pequenas formas de relevo e claramente delimitada por escarpes no seu descenso cara aos vales que se abren cara a costa. En dirección oeste vese interrompida por un accidente tectónico: a fosa meridiana, na que se inscribe o val do río Dubra. No límite noroccidental esténdese a serra de Montemaior, que serve de divisoria coa veciña comarca de Bergantiños. No extremo oriental, os montes de Tieira (Mesía) acadan os 546 m. Ambas serras teñen escasa altitude en relación coa media da área central. O límite meridional está formado polo val do río Tambre, que funciona como límite físico, agás os pasos das vías de comunicación.

Outro marco referencial importante constitúeno a articulación do espazo comarcal en torno ás principais estradas. Estre estas destaca de xeito preferente a N-550 e, sobre todo a AP-9. ámbalas dúas vías de comunicación pasan pola comarca de norte a sur, cruzándose ambas no concello de Oroso, conformándose un importante nodo viario. Ambas son vías de primeiro orde en relación ao seu contributo á articulación rexional, e arredor delas confórmase unha importante área demográfica e económica, ao tempo que proporciona á comarca unha grande accesibilidade.

XUNTA DE GALICIA  
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira  
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018



A xefa do servizo de Planeamento Urbanístico III

Lucía Linares Yáñez

#### 2.1.2. Ámbito municipal

O concello de Frades está situado na parte central da provincia da Coruña, e encádrase na comarca de Ordes e na Mancomunidade do mesmo nome. Ten unha superficie de 81,7 Km<sup>2</sup> e unha poboación de 2.607 habitantes (Padrón do 2011), repartida entre doce parroquias (Abellá, Añá, Aiazo, Céltigos, Frades, Gafoi, Galegos, Ledoira, Mesos, Moar, Papucín e Vitre) e 35 núcleos de poboación, cunha densidade de poboación de 31,9 hab/Km<sup>2</sup>. A capital municipal está en San Mauro, aínda que a casa do concello está no lugar de Cimadevila. O núcleo de maior entidade é Pontecarreira (197 habitantes), situado a carón da estrada N-634, mentres que a parroquia máis poboada é Abellá, ao norte do concello, con 479 habitantes.

#### Concello de Frades. Parroquias



DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo. Carmen Gómez Otero







O territorio municipal de Frades sitúase no curso alto do río Tambre e presenta un relevo pouco contrastado, con alturas que ven dende os 420 metros ao norte, no límite co concello de Frades e os 280 metros no curso do Tambre, que fai de límite sur do concello. Esta suavidade topográfica de Frades débese á natureza do rochedo: os xistos metamórficos precámbricos pertencentes á chamada "Serie de Ordes" que, debido a súa textura fina, son facilmente atacables pola alteración química, dando lugar a unha paisaxe ondulada, de pendentes suaves e amplos vales. Só algún afloramento de cuarzo, como o monte Peñasco en Abellá da lugar a formas máis abruptas.


A rede hidrográfica que discorre por este concello está organizada arredor do Tambre, que entra no concello polo leste e establece o límite natural con Boimorto, Arzúa e O Pino. Con dirección case perpendicular ao Tambre, surcan o concello varios afluentes da marxe dereita: O Maruzo e o Samo como os máis importantes, aos que hai que engadir un bo número de regos, algúns de certa entidade, como o Gaiteiro e o Mostás, que desaugan no Maruzo, ou os de Pío e Porto, que o fan directamente no Tambre.

de data 09 XAN. 2018



A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística II

Lucía Linares Yáñez



Rede fluvial do concello de Frades

O clima ten trazos oceánicos case netos, sen degradación continental, e caracterízase pola abundancia de precipitacións e a suavidade das temperaturas.

As características termoplumiométricas e a abundancia de regatos que percorren o concello favorecen o predominio das terras destinadas a cultivos herbáceos, chegando as terras labradas e as dedicadas a pasteiros permanentes a representar máis dun 50%, fronte ao uso forestal, que rolda o 25%. Estes usos están inseridos nunha paisaxe rural formada polos núcleos rurais, as terras de cultivo, prados e vexetación natural.

## 2.2. Descrición do PXOM

O Concello de Frades non dispón na actualidade para a ordenación do solo do seu termo municipal con ningún instrumento de planeamento específico, rexéndose, polo tanto, polas Normas Subsidiarias e Complementarias da Provincia de A Coruña en aqueles aspectos que non contraveñan as disposicións da lexislación do solo de aplicación. Imponse, polo tanto, a necesidade de elaborar un

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisoriamente neste concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.







de data 09 XAN. 2018

O concello de Frades, pola súa ubicación nunha zona de segunda periferia do termo municipal de Santiago de Compostela, a medio camiño entre este e A Coruña, é un concello con poucas expectativas de crecemento, con pequenos despuntes no sector turístico rural e a industria de transformación de produtos de orixe rural, favorecida polo benigno do clima e os valores naturais que se localizan neste concello.

O desenvolvemento da actividade construtiva no termo municipal, reducido tanto pola inexistencia dunha figura de planeamento propia, como polas normas de aplicación directa marcadas pola Lexislación do Solo, coas limitacións de xestión que estas conlevan, creou diferenzas na ordenación urbanística municipal, que se acentúan coa aparición dunha serie de construcións (residenciais e industriais) que, se ben pódense incluír nun proxecto ordenador global, a día de hoxe, carecen de legalidade ou xurdiron á marxe desta.

Ademais disto, preténdese dotar ó concello de zonas que poidan absorber os posibles crecementos nun marco ordenado, tanto física como legalmente, procurando ubicar bolsas de solo que poidan servir para estes fins. A importancia, a nivel socioeconómico, das empresas localizadas no concello, destacando as diversas empresas do sector téxtil situadas no núcleo de Ponte Carreira, e as empresas dedicadas ás subministracións para as explotacións agrarias, fan necesaria a creación de solo industrial no que se podan incluír as súas respectivas instalacións, e a posibilidade de ampliación e inserción de novas empresas relacionadas co sector, establecendo a súa ordenación e integración no territorio. Asociada a esta labor industrial, atopamos no concello actividades de extracción de áridos, localizadas no lugar de O Cruceiro, entre as parroquias de Frades e Gafoi, que deberán ser tratadas axeitadamente no PXOM de cara á súa correcta clasificación e futura recuperación medioambiental.

A crecente importancia das vías de comunicación que aumentan en grande medida as expectativas de crecemento da zona, así como a obtención do solo necesario para completar os servizos públicos e Sistemas Xerais do termo municipal, fan necesaria a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal para adecuar o planeamento ás novas formas de concibir a ordenación do territorio municipal e comarcal, así como para permitir a introdución dos mecanismos, instrumentos e técnicas que a moderna lexislación permite, á fin de facer unha normativa máis flexible nas súas determinacións, máis áxil en canto á súa posibilidade de xestión e execución, e máis equilibrada en canto á ocupación do territorio. Á vez, introdúcense as técnicas previstas na lexislación para reparto de beneficios e cargas derivadas do planeamento, de tal forma que posibiliten ó Concello manter o seu proceso de desenvolvemento resolvendo a xeración de zonas libres, sistemas xerais e reservas de solo para os equipamentos necesarios que debe acompañar a este proceso, de tal forma que fagan da residencia en Frades algo acorde cos tempos actuais, onde a demanda deste tipo de espazos e equipamentos considérase prioritaria á hora de fixar a poboación existente.

A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística II

Lucía Linares Yáñez

Por todo isto, o novo PXOM ten que procurar que as previsións do solo que se vai incorporar no proceso urbanizador, estean suficientemente dimensionadas respecto, non tanto ó crecemento demográfico, como ás potencialidades que a súa posición estratéxica outórgalle.

Deberá ser prioritario, no planeamento de Frades, o sistema xeral de comunicacións, e o mantemento da tendencia de dotar de servizos urbanísticos ó núcleo urbano, continuando e posibilitando a materialización de actuacións xa emprendidas nesta materia polo Concello.

En canto ó medio rural, deberase establecer, por un lado, o marco que posibilite o mantemento e mellora do medio físico natural no que se localiza, e por outro lado, potenciar un desenvolvemento cualitativo do mesmo, que debe primar sobre o cuantitativo. Así, débense tratar con especial sensibilidade tódalas áreas que presenten un notorio interese medioambiental ou bioecolóxico, xunto co tratamento que debe dárselle ós núcleos rurais, conforme á LOUPMRG.


Así, preténdese que o novo PXOM resulte flexible e áxil, permitindo a súa adaptación ás circunstancias mudantes e, ás veces imprevisibles, da sociedade, e sente as bases urbanísticas do Frades do século XXI.

### 3. Análise obxectiva da situación actual: o medio socioeconómico

#### 3.1. Demografía e poboamento

Frades é un concello de carácter rural, cunha poboación de 2.607 habitantes (Padrón do 2011) e unha baixa densidade de poboación (31,9 Hab/Km<sup>2</sup>, o que significa a terceira parte da media galega, e a cuarta parte da media provincial). As súas características demográficas son as propias do interior de Galicia, cunha situación de perda de poboación e unha tendencia sostida cara ao envellecemento demográfico.

evolución da poboación



DILIXENCIA.- Para facer constar que este presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez-Otero.

